

TERRA DE OUTES 49

Xaneiro - Marzo 2020

1€



nestenº

A xurisdición de Muros (XIII)
A fábrica de ladrillos dos Churrellos
Langaño
Tecendo soños. O canto de arrolar
Unha galega de Erasmus na Irlanda (I)
Roteiros: Ourense-Santuario de
Nosa Señora dos Milagros
Futbol... gaélico. Gaélico? Que é iso?
... e as nosas seccións habituais



Entrevista a...
Mirta Gosende

Editorial

XA CHEGA DE PARQUES EÓLICOS EN OUTES?

Hai xa algo máis dun ano presentouse no rexistro eólico da Xunta un novo proxecto de parque eólico para o noso concello e mailos de Negreira e Mazaricos, e aínda que se atopa en fase de tramitación, a empresa promotora xa leva actuando todo este tempo mantendo contacto de xeito individual coas persoas propietarias dos terreos afectados e non coa veciñanza en conxunto, coma se ó resto da cidadanía non nos incumbise.

Xa sabemos que o actual Goberno galego defende os intereses das empresas eléctricas, tanto das que obteñen a enerxía dos nosos ríos, coma do noso vento. O que resulta máis incríbel é que o noso goberno municipal, en lugar de se opoñer á acción depredadora das empresas do sector, só pense en lle tirar algún pequeno beneficio á ruína que segue á instalación de cada parque eólico: a calidade de vida (impacto sonoro insoportábel as 24 horas do día) nos núcleos de poboación, non só próximos, senón tamén os máis afastados, a onde chega a contaminación acústica espallada polo propio vento; recursos naturais estragados, particularmente cursos de auga, mananciais e subministración de auga ás casas; depreciación do valor das propiedades de toda a contorna; incluso afectación ás explotacións agrarias e gandeiras próximas; grave destrución do patrimonio histórico (tres castros na zona, vinte mámoas, unha estación de petróglifos e os restos do castelo medieval de Outes), artístico (sete cruceiros e cruces de pedra de Outes e Valadares) e, por suposto, un impacto visual que vai degradar irremisiblemente un dos nosos maiores activos económicos: a paisaxe, un atractivo permanente para turistas e visitantes que non cesan de deixar ingresos nas casas rurais, hoteis, bares e restaurantes, que repercuten en todo Outes.

A asociación Terra de Outes non está contra as enerxías renovábeis, xa que deben substituí-la producida polos combustíbeis fósiles, pero o noso concello xa ten satisfeita a súa cota de participación na transición ecolóxica a través do parque xa existente, á custa de sacrificar un dos nosos máis emblemáticos símbolos: o monte Tremuzo. E o que non se pode permitir é que se continúe a espoliar-los nosos recursos e desprotexer-los nosos dereitos á calidade de vida e crecemento sostíbel, polo cal demandamos á Xunta e á corporación municipal de Outes a toma de posición contraria ós proxectos eólicos actuais no noso concello; un deles, por certo, monstruoso, con torres de 200 m de alto e aspas de 60 m.

Diccionario xeográfico Xoán Mariño

Cabo Touriñám. Bocado que un cabo lle dá a un touro.

Escandinabia. Península do norte da Europa principal produtora mundial de nabos.

Estados Unidos. Un gran país americano que para presidente non escolle un pallaso calquera, coma o ucraíno, senón o máis grande.

Finlandia. Literalmente 'fin da terra', o que nós chamamos Fistera.

Forcarei. Primeira persoa do futuro de indicativo do verbo 'forcar', facer forcas.

Gaza. Cidade palestina de onde proceden os gazafellos, seres mitolóxicos que repoboaron os montes galegos.

Luisiana. Estado norteamericano chamado así en honor das persoas que o fundaron: Luís e Ana.

Manchuria. Territorio chinés de onde son orixinarios os manchegos, como o famoso D. Quixote.

Maryland. É como chaman nos Estados Unidos o terreo da casa da Marila, orixinaria de Coiradas.

Roma. Capital italiana que é amor ó revés. É, polo tanto, a cidade do desamor.

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

Consello de Redacción: Domingo Campos, Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita: A.C.C. Terra de Outes

Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.

E-mail: terradeoutes@gmail.com

Visita a nosa páxina web:
www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:



**Deputación
DA CORUÑA**



Concello de Outes

Na memoria de
SOCORRO LUHÍA ESPECHT

Outes, 2-1-2020

Nai do director desta revista

Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

RAMONA SUÁREZ RÚA

Boiro, 4-1-2020

MARÍA VILAS VÁZQUEZ

Viana do Bolo, 9-1-2020

Nais de Xan F. García Suárez e Xesús Mato Vilas,
cofundadores da Asociación Terra de Outes

Cea de Nadal

O sábado 21 de decembro do pasado ano, a asociación Terra de Outes reuniu a parte dos seus membros na súa xa tradicional cea de Nadal, celebrada nesta ocasión en Casa Peto, no Cruceiro de Roo. Poñamos así colofón a un ano repleto de actividades, pero tamén de encontros gastronómicos entre socios e colaboradores. A celebración prolongouse despois ata altas horas da madrugada no pub Antano, bailando ao son da guitarra do cantante noiés que protagonizou o concerto desa noite.



Novo Local Social

No pasado 17 de outubro a nosa asociación estreou novo local social, nas dependencias do antigo colexio do Cruceiro de Roo, que o Concello puxo á disposición da Terra de Outes. Un espazo máis amplo do que ata agora tiñamos no local sociocultural do lugar de Outes, que nos permitirá non só levar a cabo moita da nosa actividade alí mesmo e exhibi-la colección de arte que fomos incrementando ano a ano, senón tamén ofertar á veciñanza a nosa xa abondosa biblioteca, agrandada cos fondos bibliográficos procedentes do colexio que non foron transferidos ó colexio da Serra nin á biblioteca municipal por existiren xa alí os mesmos títulos.

A inauguración do novo local realizouse cunha comida para os nosos membros, a base de mexillóns ó vapor, unha paella preparada conxuntamente polos socios Xesús Mato e Juan Padín e torta de chocolate elaborada por este último, ó cal seguiu unha sobremesa en que Ramón Blanco, membro do consello de redacción, presentou o anterior número da nosa revista.



Vermú literario con Abel Tomé

Despois de varias tentativas frustradas, por fin puidemos presentar o libro de Abel Tomé (Outes, 1984), veciño da parroquia de Cando. Máis ben temos que dicir “os libros”, pois non só porque se fose adiando este agardado evento, senón sobre todo porque Abel é autor de escritura rápida, ademais de exitosa, e xa ten na rúa, en pouco máis dun ano, as dúas primeiras novelas. Sorprende en 2018 a público e crítica co seu debut: *A noite do corvo*, unha novela policíaca que viña dalgún xeito renovar o xénero, no que Galiza xa tiña algo que contar grazas, por exemplo, aos éxitos de Domingo Villar.

Desta volta, o novo libro (galardoadado co Premio Illa Nova de Narrativa 2019) ten título semellante: *A noite do lobo*, mais bastantes diferenzas, polo menos xenéricas; neste caso estamos ante unha novela de aventuras, ambientada no que podería ser o século XVIII. Porén, como xa suxire a coincidencia titular, ambas forman parte dunha triloxía, por cuxo desenlace xa estamos a agardar impacientemente. Os libros de Abel enganchan.

A súa presenza na Casa da Cultura da Serra de Outes, na media mañá do sábado 21 de decembro, constituíu unha festa ben fermosa e divertida, escenificada nun vermú literario (formato importado das cidades, onde ten bastante éxito desde hai uns anos). Na mesa, acompañaron ao autor: Manuel González López, alcalde de Outes; Malores Villanueva, da editorial Galaxia, onde están publicadas as obras; e Ramón Blanco, secretario da nosa asociación, quen coñece a Abel desde a infancia. Desta vez a presentación tivo un toque distinto, non só polo ofrecemento do vermú, senón porque se celebrou na cantina do edificio, co público (numeroso e entregado) disposto en mesas illadas, como se estivésenos nun bar. Desde logo pódense achegar as letras a amplos auditorios cando se escribe con tanta calidade e se comunica o traballo con tanto amor e imaxinación.



A xurisdición de Muros (XIII)

Xoán Fco. García Suárez

Interrogatorio de San Lourenzo: (Freguesías de San Lourenzo de Matasueiro, San Miguel de Valadares, Santa Leocadia de Intines, San Christobal de Corzón, Santa Cruz de Campolongo e San Xíán de Tarás) (preguntas 16 a 20)

16ª.- **Á décimo sexta**, que os dezmos contidos na antecedente, son todos eles eclesiásticos, e aínda que da súa cantidade fixa non poden dar razón, contemplan ascenderán un ano con outro, desta maneira: os da freguesía de **Matasueiro** a corenta ferrados de trigo, trinta e seis de centeo, cento corenta de millo, dez libras de la, doce reais de años e cabritos, seis de porcos e trinta e seis ferrados de trigo por razón de primicia. Que todo regulado por un quinquenio importa anualmente

Foto 1. Dos 22 muíños que Xoán Mariño, Xosé M. Vázquez e Xacinto Cambeiro catalogaron en San Lourenzo no ano 2002, unha ducia deles xa foran construídos antes do Catastro de Ensenada de 1753. Entre eles está este do Plantío sobre o río de San Paio, que é como chaman aquí o río dos Sete Muíños que nace en Valadares e desemboca no Tins.

mil douscentos noventa e dous reais de vellón, dos que corresponden ao Mosteiro de San Martiño de Santiago cento dous reais por catro ferrados de trigo, seis de centeo e doce de millo, e poderá chegar á metade do dezmo de gran que percibe no lugar de Lourido, e o restante pertence a dito cura, a quen ascenderá a oblata, segundo quinquenia regulación a catorce ferrados de trigo, e a que percibe no lugar de Mastontán a oito de centeo.

Os da freguesía de **Valadares**, a trinta e seis ferrados de trigo, cento cincuenta de centeo, douscentos corenta de millo, setenta e cinco reais de años e cabritos, trinta e seis libras de la e noventa ferrados de centeo de primicia. Que un e outro, segundo a mesma regulación, compón dous mil douscentos reais de vellón, do que corresponde a terceira parte de todo ao Convento de Belvís da cidade de Santiago, Don Luis Rodríguez de Otero, Presbítero, veciño da freguesía de Santa María de Morlán na provincia de Ourense; e a outra terceira parte restante ao cura, a quen ascenderá a oblata que percibe, a vinte e catro ferrados de centeo.

Os dezmos de **Santa Leocadia de Intines** a sesenta ferrados de trigo, corenta de centeo, cen de millo, tres de millo miúdo,

dous feixes de liño, catorce libras de la, e trinta reais de años e cabritos, e que importa todo iso mil corenta reais de vellón, correspondentes ao Arcediago de Santa Thasia, quen leva tamén a oblata que lle ascenderá a nove ferrados de trigo anualmente.

Os de **Santa Cruz de Campolongo** a dez ferrados de trigo, setenta de centeo, cento vinte de millo, de la trinta libras, de años e cabritos cincuenta reais, e cincuenta ferrados de centeo de primicia, que segundo a mesma regulación importa todo iso mil cen reais de vellón para o cura, e a oblata ascenderalle a trinta ferrados de centeo.

Os de **San Christoval de Corzón** a oitenta ferrados de trigo, setenta de centeo, cen ferrados de millo, trinta e dúas libras de la, corenta reais de años e cabritos, vinte e catro de porcos; e de primicia cento nove ferrados de trigo, que todo fai un ano con outro mil novecentos corenta reais para dito cura, e a este ascenderalle a oblata a corenta ferrados de trigo.

E os dezmos da de **Tarás**, a trinta ferrados de trigo, cincuenta de centeo e vinte de millo gordo, dez canados de viño, quince feixes de liño, trinta e seis libras de la, trinta e cinco reais de años e cabritos, e de primicia corenta ferrados de trigo, facendo todo un importe de mil oitocentos corenta reais de vellón para o cura, e a oblata que este percibe ascenderá a trinta ferrados de trigo e vinte e oito reais de vellón. E o voto do Santo Apóstolo que pagan as seis freguesías na Mesa Capitular da cidade de Santiago ascenderá na de Matasueiro a trinta ferrados de centeo, na de Santa Leocadia a oito, na de Campolongo a vinte e seis, na de Corzón a trinta e seis, e na de Tarás a vinte e dous. Sobre todo o cal e para maior verificación remítense ás relacións e certificacións que en orde a isto houbese, e responden.

17ª.- **Á décimo sétima**, que de todo o que contén só hai muíños fariñeiros de pedra negra, propios dos que irán sinalados e os seus consortes, que unicamente serven para o uso deles, e destes **atópanse doce na freguesía de Matasueiro** que son: o chamado **Rego do Lobo**, de Elena Nieto; o **do Lobo**, de Aniceto García, que moen catro meses ao ano sobre o Río



Rego do Lobo. O *Novo*, de Juan Pérez; o de *Martiño*, de Martin Casais; o de *Ameixeiras*, de Andrés Martínez, que se atopan sobre o Río de Ameixeiras e moen outros catro meses ao ano; a cada un de todos os cales se lle regula de utilidade doce ferrados de centeo. O de *Sampaio*, de Joseph Martelo; o do *Plantío* (foto 1), de Lorenzo de Outón, que moen sobre o Río de Sampaio oito meses ao ano cada un e regúlanselle de utilidade oito ferrados de centeo. O de *Abaixo*, de Manuel Maceiras; o da *Pontella*, de Domingo Vermúdez, o de *Arriba*, de Pedro de Montemaior; o de *Ponte Vella*, de Lorenzo Fernández, que se atopan sobre o Río das Pontellas e no que regulan de utilidade a cada un doce ferrados de centeo; e o chamado do *Lugar*, tamén de Lorenzo Fernández, que moen tres meses ao ano sobre o Río de Marcón e regúlase de utilidade tres ferrados de centeo.

Na freguesía de **Valadares** hai os muíños seguintes: o chamado *Vello* (foto 2), de María Pérez, que moe sobre o Río Vello cinco meses ao ano; o do *Lobo*, de Francisco de Asenso; o do *Lobo*, de Miguel Castelo; o de *Sandelo*, de Domingo Suárez; o *Novo*, de Francisco de Vara; o do *Rego da Loba de Abaixo*, de Mathias de Agra; que se atopan sobre o Río do Lobo, moen cinco meses ao ano e a cada un de todos eles regúlase de utilidade cinco ferrados de centeo. O da *Bouza*, de Domingo Martínez; o de *Bameán*, de Antonio de Moledo, que se atopan sobre o Río de Bameán, moen catro meses ao ano e a cada un regúlase de utilidade catro ferrados de centeo. O de *Soalvariña*, de Blas Gallardo; o de *Pedra da Xesta*, de Juan Antonio Riomañor; o de *Devesachán*, de Ignacio Martínez; que moen sobre o Río de Soalvariña e a cada un regúlase de utilidade cinco ferrados de centeo.

Na freguesía de **Santa Leocadia de Intines** hai tres muíños que moen sobre o río de Pontellas catro meses ao ano, chamados: o da *Bouza Caba*, de Pablo García; o de *Bouza Redonda* de Bartholome López e o de *Bouza Longa*, de Angel López; e a cada un dos cales se lle regula de utilidade catro ferrados de centeo; o do *Agro de Fora*, de Alverto Caamaño, que se atopa sobre o Río do Santo, moe outros catro meses e considérase a mesma utilidade.

Na freguesía de **Corzón** hai dous muíños: un chamado do *Batán* sobre o río deste nome, de Bentura Caamaño, que moe seis



meses ao ano e regúlanselle de utilidade seis ferrados de centeo; e o outro chamado do *Vilar*, de Bictorio Rodríguez que moe oito meses e regúlase de utilidade oito ferrados de centeo.

E na freguesía de **Santa Cruz de Campolongo** hai dez muíños chamados: o do *Monte*, de Marcos Casais; o do *Cativo*, de Rosendo de Tuñas; o do *Couso*, de Bentura García; o *Novo*, de Fernando de Antelo; o do *Cravadoiro*, de Estevan de Insua; o do *Souto*, de Francisco de Lema; o da *Igrexa*, de Caetano de Antelo; o do *Souto*, de Dona Josepha Romero; o da *Devesa do Salto*, de Joseph de Lens e o do *Cabo*, de Andrés de Tuñas. Que todos eles moen seis meses ao ano sobre o Río de Campolongo e a cada un regúlase de utilidade seis ferrados de centeo. Atópanse tamén sobre o mesmo Río dos Batáns un chamado do *Souto*, de Francisco de Lema e outro chamado da *Devesa do Souto*, de Josepha de Lens, os cales traballan todo o ano e serven para abatanar teas do país, e a cada un deles regúlase de utilidade sesenta reais de vellón, e responden.

18ª.- **Á décimo oitava**, que no termo das ditas seis freguesías non hai sitio destinado para a rapa, porque cada individuo o fai de por si e na súa casa, remitíndose como se remiten ás relacións presentadas e recoñecemento feito para a verificación do número de gando. E todo o que se acostuma dar en aparceiría enténdese á metade da ganancia, á excepción do lanar que é a da rapa, e o cabrún e eguas, ao

Foto 2. Muíño Vello. Na freguesía de Valadares, na actualidade, hai dous muíños chamados así: un en Crespos, sobre o río Xendil, afluente do Beba, e outro (o da foto) en Viladomonte, no regueiro da Salva, que tamén é tributario do Beba, mais é difícil determinar a cal de ambos se refire o texto, porque non dá un nome recoñecible do río.

cuarto. En cuxa intelixencia regulan de utilidade a unha ovella por la e cría, tres reais de vellón, dous pola cría e un pola la, sen que se utilice o leite por servir este para alimento da cría. A rapa dun carneiro, un real; a utilidade dunha cabra en catro incluído o leite; a unha porca de ventre vinte e catro reais; a un par de bois propios corenta e catro e o mesmo dados en aparceiría par o dono e posuidor; a unha vaca con cría cincuenta e cinco reais para ambos e vinte reais máis para o aparceiro por razón do leite que utiliza, e a mesma utilidade por enteiro sendo propia, e sen cría regúlase quince reais; a unha egua sesenta reais sen embargo de calquera continxencia téndose presente de que un ano pare mula, mulo e outro ano poldro ou poldra, e polo que poida ofrecerse regulan de utilidade a un contrario trescentos reais. No entanto non saben que haxa ningún nas freguesías expresadas, e responden.

19ª.- **Á décimo novena**, non poden dicir a punto fixo os cortizos que hai en cada unha das ditas freguesías, o seu número e pertenza. Remítense ás relacións e recoñecemento feito e regulan a utilidade de cada unha en tres reais de vellón, tanto propias como en aparceiría de por metade dono e posuidor, e responden.

A fábrica de ladrillos dos "Churrellos"

Mingucho Campos

O emprendedor Benito Campos Lourido

Emprendedora é toda aquela persoa que descobre unha oportunidade que lle oferta a posibilidade de pór en marcha un negocio da súa propiedade co fin de obter ganancias. Inicialmente toda a persoa emprendedora identifica o momento oportuno en que se dan as circunstancias polas cales a súa iniciativa resulta economicamente viábel: os mercados posíbeis da empresa que quere pór en produción, os riscos económicos a que se pode enfrontar etc. Mais, asemade, ten que ter afouteza, ser competente e saber rodearse dun capital humano axeitado. No contexto do comezo produtivo da actividade fabril á cal nos imos referir faise preciso recoñecer a situación de illamento internacional (1945-1953) do réxime franquista, ou tamén nomeado "nacionalcatolicismo" (termo por certo moi axeitado). Corroborando o antedito, bótase man dunha resolución da ONU do ano 1946 que en resumo di o que segue: "A Asemblea fai constar que na Conferencia de Potsdam os gobernos do Reino Unido, dos Estados Unidos da América e da Unión Soviética declararon que non apoiarían unha solicitude de admisión como membro das Nacións Unidas feita polo actual Goberno español...". Referíase esta resolución ó Goberno de Francisco Franco. Ante este bloqueo internacional o réxime franquista vese impelido a unha situación de dependencia total da súa produción interna e á autosuficiencia, á autarquía en termos socioeconómicos, consumindo no propio territorio todo o que producían por si mesmas tódalas persoas españolas en idade laboral. Foron os denominados "tempos da fame" e o das "cartillas de racionamento".

Endebén e malia esta situación de precariedade e de restricións, Benito Campos Lourido obstínase

Restos do forno da fábrica



na construción dunha factoría de ladrillos no ano 1952. Benito, "o Churrello", casara con Amadora Fernández e do matrimonio naceran cinco fillos e fillas: Dominga, Eumelio, Antonio, Tomás e Aurelia Campos Fernández, para quen había que procurar un futuro, e tamén para a súa descendencia. Como a maioría das daquela época, a empresa era fundamentalmente familiar, mais nela chegaron a traballar doce operarios, algúns alleos á familia. Tanto é así que o que figuraba como rexente-encargado da empresa era Antonio, quen compartía co seu irmán, Eumelio, as tarefas de dirección, dos distintos procesos de fabricación do ladrillo, a contratación do persoal necesario etc., namentres Tomás, o outro irmán, se ocupaba dos aspectos financeiros. Son dous netos de Benito: Ramón Romero Campos, fillo de Dominga e Ramón Campos Mourís, fillo de Antonio, a quen o autor deste artigo acode na procura de información.

Despois da redacción do proxecto fabril e de feitos os trámites pertencentes, procédese á construción dun pendello provisto dunha cheminea de ladrillo, que por sorte inda fica ergueita, e desexamos que así siga; dun transformador de corrente eléctrica preto do serradoiro de Especht, primeiro rexentado por Rafael Especht e despois por Antonio da Carballa, nas Cunchiñas; e, tamén, dun amplo alboio destinado a seca-lo barro amasado, instalacións para que inda non había acceso de camiións. Tan só había un camiño de carro, lamacento no inverno, polo cal se transportaba o material necesario para a fabricación de ladrillos e tamén o produto elaborado. O amplo forno construído so a cheminea coa correspondente cambota funcionaba con leña que era transportada no barco patroneado por Atilano Coiradas Alborés. A materia prima que se utilizaba para a fabricación dos ladrillos era o barro; porén, o barro do arredor non servía e había que mesturalo co procedente de Dena, que viña transportado nos barcos da cabotaxe tan da moda daqueles tempos (xa se ten escrito sobre algúns deles en precedentes artigos neste mesmo medio). O neto de Benito, Ramón Romero Campos, encargábase do seu transporte ás Cunchiñas nun carro tirado por dúas vacas e por cada transporte cobraba 14 pesetas. Realizaba o percorrido 13 ou 14 veces por día. O cálculo é doado: 182 pesetas por día de traballo, iso si, sempre axudado por un mociño que tamén era preciso recompensar.

Os que se ocupaban de amasalo eran o Cachurro de San Cosme e Xoán de Esteiro, e facíano nunha pía redonda que logo tapaban con lousas



Antonio Campos

de pedra e despois era pateado cunha vaca á cal previamente lle vendaban os ollos. O seguinte paso do proceso era a denominada por Ramón Romero a "ghalletera", aparello provisto de dous cilindros de ferro, dun rodete para moer pedra e de dous caixóns de onde saía o ladrillo inda sen cortar. Traballábase arreo e axiña. Despois viña o secado noutro pendello de considerábeis dimensións ategado de caixas. No inverno resultaba máis vagaroso mentres que no verán este proceso era menos tardo. A climatoloxía propia da natureza desta terra era o condicionamento, como o público lector sabe, desta diferenza no proceso de secado. Deseguida, un bastidor con rolos pasáballe a cinta e cortábao en forma de ladrillos. E o seguinte paso da produción: o cocemento. Esa operación de someter á acción da calor no forno os ladrillos para que perdesen a humidade que lles quedaba e, asemade, adquirisen as propiedades para as que foran matinados levaba máis de vinte e catro horas e facíase con leña normalmente de piñeiro. Este era o traballo propio dos "forneiros", quen subían os feixes de leña ó lombo. No forno o ladrillo metíase por "tomas", é dicir, por porcións cocidas dunha vez, tamén coñecidas como "fornadas".

Os mercados en que se vendía o produto elaborado eran os almacéns de construción da contorna e de Santiago de Compostela. Os transportistas acostumaban ser Xosé do Xesto, Manolo de Galdrán e "Ferranchín", mais,



Ramón Romero (neto de Benito Campos)

como en tódalas actividades adoitan acontecer contratempos, e máis nas estradas existentes por aquelas datas, o camión de Xosé foi vítima nun malfadado día dunha avaría e houbo que adia-la entrega da mercadoría en Santiago. Algo habitual pero que causa descontento e ocasionalmente amola bastante, ou moito.


A Ramón Romero Campos chégalle a data de terse que incorporar á “mili”, servizo militar obrigado por aquelas datas e incluso posteriores para tódolos mozos sen discapacidade. No ano 1953 foi destinado ó Ministerio da Mariña. Como se dicía daquela e inda hoxe: “O que ten padriño bautízase”. O que lle procurou a Ramón Romero ese destino, “o padriño”, foi unha persoa con estudos de náutica que traballaba no mar a bordo dun barco mercante, Benito Bouzas Maceiras, do Freixo. Durante a prestación deste servizo non esquece a factoría deseñada e posta en marcha polo seu avó en que traballaban os seus tíos. Nos momentos de solaz dedícase a examinar catálogos de “ghalleteras” e atopa un modelo que podía resultar axeitado para a produción de ladrillos da empresa familiar. **Era unha “ghalletera” de propulsión eléctrica con capacidade de producir vinte mil ladrillos por día.** Non se demora en transmitirle a información ó xerente da fábrica e decídese mercala.

As desgrazas cébense na familia. A Eumelio morreulle un fillo que era perito agrónomo e a filla de Dominga, Clavelina, morreu por un desprendemento dunha barranca en que estaba procurando barro para a empresa. Dende aquel tráxico suceso a súa nai non tivo acougo. Deuse a coincidencia despois da morte de Clavelina de que Pepe do Grilo andaba percorrendo os arredores do cemiterio cuberto cunha saba branca e unha lanterna na man, e este acontecemento correuse polos lugares da parroquia e chegou a coñecemento de Dominga. A inqueda levábala a erguerse denantes do amencer na pescuda de se lle faltaba algo á filla. “Corcubico”, posuidor da panadaría de San Cosme, armouse de escopeta e ó ve-la luz que desprendía a lanterna deulle o “alto” so a ameaza de disparar e descubriuse que non se trataba nin da Santa Compañía nin dunha alma en pena, e tampouco doutras lendas

e crenzas da moda por aquela época, e ousou dicir que inda por estas datas.

Catro anos e medio despois da morte da súa irmá, Clavelina, Ramón Romero emigrou á Suíza no ano 1962 e dous anos despois seguiu o seu tío Antonio (1964). Era o *boom* da emigración a países europeos. Os soldos que se percibían na Galiza distaban moito dos da Suíza, Alemaña, Francia... As persoas en idade de producir procuraban sempre un maior benestar e protexela súa descendencia, en definitiva, proporcionarlle un maior benestar do cal elas non puideron desfrutar. Esta nova remesa migratoria supuxo segundo o INE tan só na provincia da Coruña unha perda de poboación, entre os anos 1961 e 1970, de 79.139 persoas e, na Galiza, 229.167. Estes datos amosan nidiamente que a estrutura económica galega fallaba no seu conxunto e determinaba a intensidade do fenómeno migratorio. Pódese dicir que non son motivos de extrema pobreza os que constitúen e orixinan esta emigración, nin moito menos o espírito aventureiro do pobo galego, senón que a causa principal a constitúe a singular organización socioeconómica galega. Outes non vai ser alleo ó fenómeno migratorio e o peche da fábrica de ladrillos dos “Churrellos”, situada nas Cunchiñas, é un claro exemplo do antedito. Tense escrito das causas do cesamento da actividade nos numerosos serradoiros de Outes, das súas carpintarías de ribeira, dos obradoiros de ebanistería, das feiras e feiróns que constituían verdadeiras celebracións e propiciaban abondosas transaccións hoxe xa desaparecidas. **Mais hoxe por hoxe en Outes estase a sufrir un descenso alarmante de poboación e a nosa mocidade mellor preparada academicamente emigra a países que a acollen e lle permiten desenvolve-las súas capacidades. Sen dúbida isto é merecente dunha reflexión profunda.**

Cheminea da antiga fábrica das Cunchiñas



CARTA AO DIRECTOR

Sr. director:

En primeiro lugar quéro lle da-las grazas por publica-lo meu artigo “Adeus a come-lo caldo” na revista *Terra de Outes*, no seu número 47, correspondente ó mes de xullo.

Había así a todo, no texto publicado, varias cousas que non se correspondían co texto que eu enviara, seguramente debido a problemas informáticos ou coa propia imprenta. Algunhas non teñen demasiada importancia (por exemplo, cursivas non postas, espazos que faltan), mais estas que lle indico a seguir si que a poden ter:

- Faltan precisamente algúns guións: onde pon “sería perdelo tempo intentar que o alumnado pronuncie doutra” (sexto parágrafo), o correcto é “perde-lo tempo”. Con todo, máis graves son os trazos que faltan no cuarto parágrafo, xa que así non se entende o que se quere dicir, ou enténdese ó revés. Refírome a cando pon: “sería mellor, pois, unifica-lo criterio (ámbalas, tódolos, tra-la, mai-lo... incluso po-lo e po-la...)”. Evidentemente, tería que poñer “ámba-las” e “tódolos”, tamén con guión, porque, se non, non hai unificación ningunha.

- Na nota 2 faltan uns espazos no texto que vai en reintegrado. Normalmente este tipo de grallas, como dixeran antes, non terían máis importancia porque xa resultan obvias as máis das veces. Non obstante, neste caso, ó se tratar dun texto coa nosa proposta de como se debería escribir en galego reintegrado ou internacional, pois xa non resultan tan obvias e, pola contra, interesa que se vexa exactamente cal é esa nosa proposta. O correcto sería, entón: “Vás cólhe-las flores? Si, vou cólhe-las”.

Atentamente

Xosé Carlos González Añón

Non fan nada polo clima

Mª Paz González López

“Como reaccionan ante estas cifras sen sentir pánico? ao feito de que non se está facendo nada sen sentirse enfadados? como comunican esta mensaxe sen mostrarse alarmistas?”. Estas son as sinxelas preguntas que fixo Greta Thunberg aos políticos reunidos na COP 25 (Conferencia das Partes da Convención Marco das Nacións Unidas sobre Cambio Climático, órgano da ONU que ten como misión loitar contra o cambio climático) que se celebrou en Madrid este pasado decembro. Unhas preguntas que tiveron como resposta máis do mesmo: a inacción, o aprazamento unha vez máis de decisións valentes que puidesen pór freo ao cambio climático, o problema ambiental máis grave e de maior envergadura ao que nos enfrontamos. Non foi a primeira nin é a única que o di: estamos quedando sen tempo e quen ten que tomar medidas non fai nada, só montar espectáculos para lavar a cara e trasladar a responsabilidade de acción á cidadanía, que sempre resulta ser culpable no canto de vítima.

Porque levamos moitos anos perdidos, moitos cumios polo clima falando do que hai que facer e non facendo nada. Un pequeno repaso dos sucesivos acordos internacionais que se foron adoptando pode darnos certa perspectiva de como foi mudando a forma de encarar o problema, aínda que case sempre con resultados desalentadores.

O primeiro gran acordo foi froito do segundo Cumio pola Terra celebrado en Rio de Janeiro en 1992 e adoptouse en Kioto cinco anos despois. Este acordo, que coñecemos como Protocolo de Kioto, establecía como meta conseguir no período 2008-12 unha diminución das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) globais dun 5% a respecto das emisións do ano 1990. Ademais, avogaba por un desenvolvemento sustentable tamén a nivel social, polo que tiña como meta frear o crecemento ilimitado dos países ricos e promover un certo desenvolvemento industrial dos países en vías de desenvolvemento ou subdesenvolvidos. Con esta dobre finalidade, fixaba cotas de emisión de GEI a cada Estado dependendo do seu punto de partida: as grandes potencias deberían reducir as súas emisións mentres que os países máis pobres poderían incrementalas.

Logo se viu que o compromiso era difícil de acadar: os países ricos non reducían as súas emisións, e os pobres, de tan pobres, non eran quen de realizar os investimentos necesarios para aumentar a súa industria. Para evitar o desastre, introducíronse os denominados mecanismos de flexibilidade, como o mercado de CO₂, que, na miña opinión, desvirtuaron totalmente o espírito inicial do acordo. **O resultado foi que os países que máis contaminan seguen contaminando porque lle mercan dereitos de emisión aos países que menos contaminan e a desigualdade entre países ricos e pobres segue medrando.** Aínda así, o Protocolo non foi ratificado por grandes contaminadores como EEUU, o que fixo imposible que se acadasen os obxectivos iniciais.

En 2015, chegou o Acordo de París, un intento de salvar o Protocolo de Kioto do desastre. Este novo acordo, para min moito menos ambicioso, ten como meta que a temperatura media global en 2100 non exceda de 2°C a respecto dos valores preindustriais. Para acadala, cada estado establece voluntariamente os límites de emisión que considera que pode asumir (as denominadas contribucións nacionalmente determinadas, CND) que se revisan nas COP que se celebran cada ano. A UE comprometeuse a acadar en 2050 unha redución das emisións globais do 40% a respecto das de 2010, España a tan só un 20%. Os compromisos actuais son tan pobres que a meta está moi lonxe: estímase que aínda cumprindoos, algo que non está asegurado, o incremento de temperatura será de 3°C en 2100. Un aumento inasumible que terá consecuencias moi graves e irreversibles especialmente nos países pobres, que se verán máis afectados e que son máis vulnerables aos danos.

Así as cousas, comezou o último Cumio polo clima, a COP 25, en Madrid, co obxectivo principal de endurecer o límite de incremento de temperatura



a 1,5°C, o que obrigaría a compromisos máis ambiciosos nas emisións de cada país. **Desafortunadamente, aínda que sen sorpresas, rematou cun fracaso rotundo porque os gobernos seguen sometidos aos ditados dos intereses do capital e este está en mans das grandes compañías enerxéticas, interesadas en seguir facendo negocio cos combustibles fósiles.** Unha vez máis a adopción de compromisos máis esixentes posponse ata a COP 26 que se celebrará o ano que vén en Glasgow. Disque esta si vai ser a boa.

E todo isto sen mencionar aos novos gurús do negacionismo que non están dispostos a chegar a acordos, así que nin participan nas conferencias internacionais. Resulta triste ver que cando xa parecía que o consenso na comunidade científica e as demandas dos pobos chegaran ás cabezas ocas da maioría dos gobernantes, grandes potencias como EEUU e Brasil acaban sendo dirixidas por negacionistas como Trump e Bolsonaro, que usan un discurso totalmente baleiro e cheo de mentiras para agochar os seus intereses particulares. Un discurso perigoso con gran repercusión na opinión pública que reabre un debate que xa estaba pechado e que nos fai perder un tempo do que non dispomos.

Pero isto non nos debe arredar, mesmo un negacionista convencido como o noso ex-presidente Mariano Rajoy viu a luz (viuse obrigado a abrir os ollos) e pasou de dicir aló polo 2007, e asesorado polo seu curmán, que “en fin, el cambio climático tampoco lo podemos convertir en el gran problema mundial” a dicir que “El cambio climático es el mayor reto medioambiental al que nos enfrentamos y nos obligará a plantearnos grandes desafíos sociales y económicos”, en 2015.

Nas nosas mans está loitar contra o cambio climático. Pero non é suficiente con que cambiemos os nosos hábitos de consumo. Tamén debemos impedir que se instale o discurso negacionista que está renecendo da man de partidos que parecen emerxer do pasado como Vox e dalgúns dirixentes do PP, que pretenden sacar o medioambiente da axenda política. Debemos expresar en todos os foros o noso compromiso e desmontar todos os bulos sobre o cambio climático que circulan interesadamente. E, sobre todo, debemos obrigarnos a gobernantes a que actúen contra o cambio climático. Non podemos permitir que sigan sen facer nada.

Langaño

Tina Formoso

Hai varias semanas saíu na prensa unha noticia que tiña o seguinte titular “A ponte do Engano mudará o seu nome por Langaño tras indicar a RAG que é a forma máis tradicional”. Aproveito o espazo que me brindan nesta revista para aclarar dous puntos a este respecto:

1. A forma “Langaño” non é a “máis tradicional”, senón que é a “única forma tradicional”. E de ter que compartir nome a ponte que une Ribademar con Rates, nunca o compartiría con “Engano”, en todo caso con “Lancaño”, que é como denominan o sitio as persoas que tamén din “dominco” ou “manqueira” (por domingo ou mangueira). Segundo os especialistas, a forma Langaño estaría formada por dúas voces de orixe prerromana: unha sería *Lang-* (que se atopa noutros topónimos coma Láncara, Langreo, Langobriga) e outra *-año* compartida con Laraño, Araño ou Riaño. (vid. Bascuas). Ademais hai constancia deste nome nun documento de 1277 do Tombo de Toxosoutos, onde se refire a este lugar de Outes chamándoo *Lanquaino*. Segundo o Instituto da Lingua da USC, e tal como aparece no seu Índice de Topografía Galega Medieval, esta forma derivou primeiro en *Lancaino* e máis tarde en *Langaño*. E o “Engano” non chegou ata máis de mil anos despois, tal e como se explica no punto seguinte.

2. A denominación de “Ponte do Engano” xurdiu a raíz dunha hipercorrección que alguén fixo sobre unha castelanización bárbara do noso topónimo Langaño. O proceso foi algo revirado e seguiu o *modus operandi* da maioría das deturpacións lingüísticas realizadas durante a nosa posguerra. Segundo a documentación que manexamos, deducimos que

todo empezou cando nos mapas topográficos nacionais, escala 1:25.000, algunha desas persoas encargadas de borrar calquera sinal de que nesta terra tiñamos lingua propia, pero sen ter coñecementos ningúns de galego, renomeou a enseada de Langaño como “Ensenada del Engaño”. É dicir, que aquilo de Langaño debeulles parecer que era a forma de falar mal o castelán que tiñamos por aquí e, sen ningunha preocupación nin interese pola nosa realidade, convertérono en “El Engaño”. Non foi o único caso nin moito menos, de feito houbo moitos barbarismos sobre os topónimos por Galicia adiante. Moi preto, no concello de Muros, existe un monte chamado “O niño do corvo” ao que denominaron “El niño del cuervo”! Xa vedes que a forma do castelán nada ten que ver co quería dicir orixinariamente o nome do sitio. Pero cos “niños” xa meteron a pata máis veces, o caso máis famoso é o do “Niño da aguiña” que acabou como “El niño de la guía”! Isto pasa porque o termo “niño” é un “falso amigo”, pois existe a mesma forma nas dúas linguas pero ten significados ben diferentes.

Volvendo ao noso Langaño, imos continuar coa explicación sobre como acabou en Engano. Dedúcese que, as persoas encargadas de faceren rótulos para as estradas, saben que desde 1983 existe a *Lei de Normalización Lingüística* (Lei 3/1983), na que se di que as únicas formas válidas para os topónimos son as galegas. Daquela, cando foi de poñerlle o letreiro á ponte, viron nos mapas que o sitio que atravesaba era a “Ensenada del Engaño” e rapidamente a pasaron a “Enseada do Engano” e á ponte espetáronlle o letreiro de “Ponte do Engano”. É dicir, que traduciron enriba dun

topónimo que antes fora barbaramente castelanizado. E agora vén un xornal e di que é “menos tradicional”... Tan menos tradicional é, que esta forma acuñouse no ano 2010 e Langaño naceu hai máis de 2000 (dous mil) anos!!! Onde si se mantén o nome sen sufrir, por agora, problemas é na Praia de Langaño, ao lado de Portosín.

E xa que estamos metidos en fariña, gustárame subliñar que os nomes dos nosos lugares forman parte do noso patrimonio inmaterial e precisamos conservalos, pero mantendo a súa forma correcta. En toda Galicia só existe un Entíns¹ (ao que lle temos que chamar ben), un Tarás, un Cando ou un Outes, que ademais nomean as súas parroquias. Que son formas únicas sabémolo grazas ao Nomenclátor, que podemos atopar na páxina da Xunta (www.xunta.gal/nomenclator) e recolle a toponimia oficial de Galicia. Se entrades nesta web podedes comprobar cantos Berres, Famelgas, Sabardes, Louridos, Valadares, Pazos, Barreiros ou Barreiras, Barquiñas, Loios, Regos, Touzas, Esfarrapas, Brións, Mourellos, Cruceiros, Casais, Vilares, Vilariños, Castelos... hai por Galicia adiante e en que concello e provincia están. Mentres que Fontenlos, Coiradas, Xurisdición, Mastontán, Tavilo, Lestaio, Catasueiro, Sarnón, Bendimón.... non hai máis ca os nosos, os do noso concello.

Un bo xeito de enredar nunha tarde de inverno pode ser poñerse a mirar onde están os lugares que se chaman coma os vosos, ou ver cantas parroquias teñen máis nomes únicos e cantas teñen nomes que existen en moitas outras partes... Pero tende en conta que se queredes buscar por Seilán, poñédelle o S co que o pronunciamos, o de Ceilán non é máis ca outra metedura de zoca.

E xa se vos animades coa toponimia e vos gusta que se conserven os nomes que temos tamén nas nosas leiras, montes, muíños e fontes tendes que rexistraros na recente aplicación que vén de presentar a Real Academia Galega, chamada [Galicia nomeada](https://galicianomeada.xunta.gal) (<https://galicianomeada.xunta.gal>). Se vos rexistrades podedes comprobar se os vosos terreos teñen o nome co que vós os coñecedes e se non o teñen, tendes oportunidade de poñerllo. A aplicación permite ver os mapas e subir alí todos os nomes de lugares que coñezades e que non estean, ou mesmo indicar se lles chamades doutra maneira diferente a como están recollidos. Animádevos a probar!

¹ Aínda que vimos moitos anos escrito *Entines, aínda vive xente que dixo sempre *Entíns*).



Tecendo soños. O canto de arrolar no Barbanza e arredores

Esperanza Mara Filgueira Rama

Recuperación do patrimonio musical de tradición oral

Tecendo Soños é un proxecto cultural concibido e dirixido pola soprano noíesa Esperanza Mara. Este proxecto pretende recuperar, preservar e difundir-lo patrimonio cultural inmaterial como son os cantos de tradición oral a través de, primeiramente, estudos musicolóxicos que dean lugar a obradoiros, concertos, vídeos, composicións de diversos estilos e para diversos públicos etc. Este primeiro traballo está centrado nos cantos de arrolar, potenciando o noso patrimonio musical galego, a figura da muller como preservadora deste legado, o fomento da natalidade e maternidade, e un longo etc.

Por que arrolos?

Pois porque a nana é un canto que se adoita interpretar na intimidade para arrolar un cativo ou cativa, con toda a maxia que este vínculo crea, e non se programa asiduamente nin ve a luz en espectáculos públicos. Por outro lado existe un feito relevante na miña vida persoal que dá sentido máis profundo a este proxecto, que é o nacemento da miña filla Moraima, á cal dedico este emotivo traballo.

Os estudos que existen sobre este xénero son reducidos, tanto en número coma en extensión. Existen casos illados de notoria relevancia, tanto pola escolla dos cantos de berce, coma pola presentación, como pode ser unha pequena edición dun cancionero dedicado a esta temática que o supermercado Gadis ofreceu á súa clientela no ano 2015, titulado *Cantos de berce* (RICO VERA, 2015).

Por tanto, queremos contribuír ó corpus científico con este estudo de carácter musicolóxico ou etnomusicolóxico para preservar e divulgar un ben cultural inmaterial que nos remite directamente á nosa historia. Delimitei a localización deste estudo a unha zona concreta que enmarca a volta do Barbanza. Os concellos que forman parte deste proxecto son Noia, Lousame, Brión, Outes, Rois, Padrón, Muros, Rianxo, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son e Ribeira. Este estudo será ampliado a outros concellos limítrofes, xa que pretendo que este traballo sexa a base dun estudo maior para así analizar mellor o xénero.

A posteriori, gravaremos un CD baseado nestas nanas de tradición oral, para a súa conservación, aínda que este arquivo sonoro será un traballo artístico de carácter innovador.

Como musicóloga sinto a necesidade de que o noso patrimonio cultural inmaterial viva e sobreviva no colectivo social, posto que observamos que a tradición oral está rompendo lazos entre avós, avoas, pais e nais cos fillos e fillas. Concretamente este xénero non se adoita interpretar publicamente, polo que reduce a súa opción a ser adquirido por outras persoas. Debido á carencia de textos de media extensión, algúns destes cantos serán adaptados textualmente por poetas de recoñecido prestixio con quen tiven o pracer de convivir, para poder agranda-lo seu contido, e así daremos paso á innovación do noso legado cultural. Estas melodías e poemas serán a base de inspiración de compositores que tamén tiven a honra de coñecer e, inclusive, de estreala-las súas propias pezas. Pretendo crear un ficheiro sonoro onde se poida observar un mesmo xénero tratado de diferentes maneiras e baixo diferentes ópticas sonoras, tendo a voz solista como vehículo de unión.

O nome artístico do proxecto e do posterior disco é **Tecendo Soños**, como se pode observar na cabeceira, ilustrando a evocación do sono ligada á acción de durmir e do propio soño de editar un disco, ponte entre o mundo académico e profesional así como meta persoal e profesional.

Ante todo, este proxecto pretende cumprir uns obxectivos concisos como son o de preservar e difundir-lo noso patrimonio cultural inmaterial de tradición oral do xénero específico do canto de arrolar, ó ser un canto con máis probabilidades de extinción inmediata, xa que non se programa publicamente. Tamén adapta-lo dito xénero para voz e diferentes grupos instrumentais, ampliando o repertorio en lingua galega para voz solista, e cooperando de maneira que se cree un proxecto colectivo fomentando o repertorio e os costumes dos nosos antepasados e antepasadas. E finalmente, mediar entre o mundo académico e o mundo profesional, facéndoo visíbel e divulgándoo a través de gravacións e/ou vídeos. Impulsar así un traballo que recolle o patrimonio da nosa zona como base de inspiración para persoas creadoras vivas, xuntando pasado con presente.

Neste estudo e polo de agora, as informantes son todas mulleres. A información preséntase estruturada toda do mesmo xeito: o número de informante por orde de recollida cunha foto de presentación para humanizala, os seus datos persoais (nome e apelidos, alcume, lugar de procedencia e lugar onde vive, idade e data de nacemento) así como a data de gravación da

entrevista. Antes da presentación dos arrols aparece un breve comentario con algunha observación, apreciación ou valoración persoal.

Seguidamente aparece a numeración dos arrols por orde de recollida así como o idioma utilizado, respectando as variantes dialectais que neste caso corresponden con *gheada* e *seseo*, pois atopámonos no bloque occidental da comunidade.

As transcripcións dos cantos de arrolar aparecen en letra curva. Despois de cada arrol existe un apartado analítico que denominamos "Concordancias" onde se describe o material existente ó cal tivemos acceso e que nos serve para analizar como se comporta o xénero.

Considere que a mellor maneira de divulgar musicalmente estes cantos é a través de vídeos onde se pode ve-la propia informante cantando. Apreciamos non só o texto literario e a melodía, senón que tamén podemos ver cales son as características propias das súas voces e interpretacións, podendo observar matices de diversa índole directamente das propias informantes. Alcanzamos tamén deste xeito o noso obxectivo de facer visíbeis estas portadoras dunha sapiencia que vén doutro tempo.

A continuación podemos observa-la información que obtivemos grazas ó traballo de campo realizado en Vilaverde, no concello de Noia, e punto de partida deste estudo:



Lola de Faia.

Nome: DOLORES VIÑAS MATO
 Alcume: "LOLA DE FAIA"
 Localidade de procedencia e onde vive:
 VILAVERDE (NOIA)
 Idade: 88
 Data de nacemento: 25 NOVEMBRO 1929
 Data da gravación: 29/09/2018
 Vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=lf5IXx62aVw>

Comentario:

Os arrollos que recollemos desta informante son, segundo a clasificación das melodías do cancionero *Canto de berce* de Manuel Rico Verea, "estruturas rítmicas sen melodía", é dicir, cantos de berce en que a composición lírica se executa con estruturas rítmicas, sen melodía. Segundo o autor, "é a forma máis sinxela e suxestiva de dicir diferentes coplas, de forma rítmica reiterada, neste monólogo da persoa que arrola coa criatura que intenta adormentar" (RICO Verea, 2015, páx. 41).

Nótese que o propio autor apunta que "cando o suxeito que arrola a criatura ten un dominio do canto tradicional, nesta acción contextualizada, mesmo é capaz de prescindir da melodía dun canto para interpreta-la composición literaria coa base rítmica que ten asociada a el" (RICO Verea, 2015, páx. 41). A continuación mostra un exemplo onde a informante desestrutura e interpreta de forma distinta a nana en dúas fases, unha primeira dicindo a letra ritmicamente e posteriormente incorporando a melodía. O propio autor conclúe que "isto é unha mostra de como calquera canto de berce se pode executar de dúas formas: arrolando a criatura dicindo o texto ritmicamente ou cantándoo coa melodía que ten asociada" (RICO Verea, 2015, páx.41). Neste caso a propia informante comentou que era recitado e non cantado, polo que descoñecemos se a melodía quedou polo camiño do esquecemento ou se realmente a aprendeu recitada e nunca cantou os arrollos con melodía.

ARROLO 1

Idioma: galego

*E, niniño, e, ronrón,
 tuta que aí vén o cocón
 e...*

*O niniño quer durmir
 o soniño non lle vén
 a culpa non é do neno
 é do sono que non ten*

Concordancias:

No libro *Cantos de berce* (RICO Verea, 2015, páx. 43), o primeiro dos arrollos que ten clasificado como estrutura rítmica sen melodía, que é o mesmo que interpretou a informante, aparecen semellanzas na primeira estrofa; aínda que parece que a nosa informante se



Presentación do proxecto "Tecendo sonhos" na Casa da Cultura de Noia.

esqueceu dunha parte que podemos observar nesta recollida:

*E, neniño, e,
 que aí vén o cocón,
 pra busca-los nenos
 que non dormen, non.*

ARROLO 2

Idioma: galego

*O niniño quer durmir
 ten soniño de durmir
 ten un ollión serrado
 outro non o pode abrir*

*O niniño está chorando
 quen lle ha de da-la teta
 súa nai vai no muíño
 e seu pai na leña seca.*

Concordancias:

No mesmo libro *Cantos de berce* (RICO Verea, 2015, páx. 46), aparece un arrolo con moitas semellanzas e ademais é un dos que el clasifica como "estruturas rítmicas sen melodía", que é exactamente o que fixo esta informante. Aquí podemos observa-las semellanzas e diferenzas da primeira estrofa:

*Este neno tenche sono
 Tenche gana de durmire,
 Ten un ollión pechado
 O outro non o pode abrir.*

Tamén garda semellanzas coa primeira estrofa dun arrolo que recollemos no concello de Outes, da informante "Mercedes a Chinita" que presentamos a continuación:

*O meniño ten soniño,
 ten ghaniña de durmir
 ten un ollión serrado
 outro non o pode abrir.*

Así mesmo, atopámo-la primeira das estrofas no *Cancionero Gallego* (TORNER & BAL Y GAY, 1973, páx. 94), numerada como o "bercé" 215, que non amosa a mesma melodía, mais ten moita semellanza a nivel textual:

*Este neno ten soniño,
 ten ganiñas de durmir;
 ten un ollión pechado
 outro xa non pode abrir.*

Tamén existe noutro cancionero a mesma concordancia, pois identificámo-la primeira estrofa cun arrolo recollido na parte de "Cantos de berce o arrolo" do *Cancionero musical de Galicia* (SAMPEDRO Y FOLGAR & FILGUEIRA VALVERDE, 1982) recollido en Ribadavia (Ourense) e que aparece na versión facsimile de Sampedro y Folgar no tomo B) 39.

É evidente o parecido, obviando as mudanzas de vogais ou características lingüísticas propias de cada variante dialectal. Porén, a música é diferente. Pódese consulta-la transcripción musical deste arrolo na páx. 17 da segunda parte do cancionero denominado *Melodías*:

*Este miniño ten sono,
 ten ganiñas de durmire
 ten un ollión cerrado
 outro non o pode abrir.*

Presentación do proxecto Tecendo Sonos

A presentación do proxecto tivo lugar na Casa de Cultura de Noia no día 26 de marzo do pasado ano, con grande afluencia de alcaldes e alcaldesas, concelleiras/os de cultura e técnicos e técnicas de cultura dos concellos que apoian o proxecto, así como dos medios de comunicación.

Este proxecto foi proposto a 13 concellos da zona: Noia, Lousame, Brión, Outes, Rois, Padrón, Muros, Rianxo, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Ribeira, Boiro e Dodro. De todos eles, 11 concellos confirmaron o seu apoio a través da contratación de actividades, e quedan por agora fóra do proxecto o Concello de Boiro e o de Dodro. Esperamos que se sumen antes da fin deste presente ano, prazo máximo para confirma-la participación, e por tanto optar a ser colaborador ou patrocinador do proxecto.

BIBLIOGRAFÍA

- MARTÍNEZ TORNER, E., & BAL Y GAY, X. (1973). *Cancionero Galego*. A Coruña: Fundación Barrié.
- RICO Verea, M. (2015). *Cantos de berce*. Supermercados Gadis.
- SAMPEDRO Y FOLGAR, C., & FILGUEIRA VALVERDE, J. (1982). *Cancionero Musical de Galicia*. "La Coruña": Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- TORNER, E. M., & BAL Y GAY, J. (1973). *Cancionero Gallego*. "La Coruña": Fundación Barrié de la Maza.

Entrevista a...

Mirta Gosende

A finais de maio de 2019 entramos en contacto con Mirta Gosende Faraldo (Buenos Aires, 1955), a raíz da reedición do libro de Domingo Sendón Rodríguez (quen fora amigo de seu pai). Ela forma parte da comisión directiva da Asociación Civil Unión Residentes de Outes en Buenos Aires (ACUROBA). Uns meses despois, en agosto de 2019, podíamos coñecela en persoa, durante a viaxe que fixo, co seu fillo Alejandro Miguel Gallo Gosende, á terra dos seus antepasados. Foi así como o poemario De Outes a San Telmo cruzou outra vez o Atlántico (desta vez en sentido contrario) e volveu campar nos estantes da biblioteca Francisco Añón Paz. Desde aquela tiñamos esta entrevista pendente.

Para comezar, pode falarnos da súa familia e do seu vínculo con Outes.

Nacín en Buenos Aires no ano 1955, filla de pai outense (oriúndo de Seilán, Tarás): Miguel Gosende del Río. Fuxiu de Galicia en 1936. Como tiña unha irmá na Arxentina foi acollido na casa dela. Integrouse rapidamente na asociación dos emigrantes outenses, da que chegou a ser presidente. Alí fíxose amigo do poeta Domingo Sendón e coñeceu a miña nai, Juana Faraldo Purriños, natural de Betanzos (emigrou desde alá con só once anos). Teño unha irmá, Josefa Susana Gosende Faraldo. Estou casada con Maximino Gallo Piñeiro (Taboexa, As Neves) e teño tres fillos: María de los Ángeles, Alejandro Miguel e Rocío Mariana. Tamén un neto, Sebastián Brais. Procuro vir por Outes cada cinco anos. Lévome moi ben coa familia que teño no concello. Na última estadia, Valentina Formoso Gosende (filla da miña curmá Digna Gosende, de Ribademar) e o meu fillo foron ao Castelo e puideron falar cunha prima na casa de onde saíu o meu tataravó. Moi engaiolante.

Vostede ten unha dilatada experiencia no asociacionismo cultural.

Dende moi nova participei na colectividade galega de Buenos Aires, particularmente na Asociación Civil Unión Residentes de Outes.

Podería lembrarnos a historia desta asociación?

Foi fundada o 4 de decembro de 1910. Ao principio, a entidade alugaba un cuarto que funcionaba como Secretaría social no Centro Betanzos de Buenos Aires, na rúa México, 1660. **Nese lugar facíanse tamén os xantares, celebración das festas patronais, xuntanzas de socios e amigos outenses partillando sonhos, morriñas, proxectos de vida e traballo, todo iso coas infaltables músicas, danzas e algúns versos do poeta Francisco Añón Paz (Farruco) e de Domingo Sendón Rodríguez recitados polo noso Pedro García Tuñas (Rulo), un dos que moito loitaron, traballando arreo a prol da Sociedade.** O verdadeiro motivo das reunións era "Sentirse como na casa, en familia". No meu caso era unha ledicia ir ás festas, as súas xentes eran a miña familia do corazón. Moitos galegos levaron "este carro" de emigrantes de Outes en Buenos Aires. Nos anos cincuenta xurdiu a posibilidade de mercar unha casa propia con moito esforzo, mais decidíuse investir eses cartos nun colexio para os rapaces da Terra. A educación dos nenos foi prioridade para estes galegos emigrados. Fíxéronse xestións gubernamentais coa colaboración do Embaixador de España na Arxentina nese momento: Emilio de Navasqués y Ruiz de Velasco. Logo de grandes idas e voltas, inaugurouse no ano 1953 o Colexio de Educación infantil y primaria Emilio Navasqués no Cruceiro de Roo. Na actualidade está pechado como escola, desexamos que se lle dea un destino axeitado a prol da veciñanza.



Mirta e Alejandro visitando o Concello de Outes para transmitirle ao novo alcalde o saúdo da ACUROBA.

Actualmente temos o local social de Terra de Outes nunha aula desa escola. E o Concello estálle a dar algún outro uso para actividades culturais, como clases de música.

Pois é unha boa noticia que teña novos usos.

Pero continúe, como transcorreu o devir da ACUROBA?

En Buenos Aires, seguíronse coas xuntanzas de camaradería, pícnics (nun deles coñecéronse os meus pais) e aínda máis. Celebrábanse as festas de San Xoán e San Pedro, as de San Cosme e San Damián... Nos anos setenta o alugueiro que pagaban no Centro Betanzos da rúa México fíxose dificultoso de afrontar. Foi así que o noso pai fixo a proposta de trasladar a Secretaría social a un apartamento da miña familia na rúa Perdriel, 1577, no barrio de Barracas, Capital Federal, que neses tempos estaba baleiro. Alí funcionou a secretaria moito tempo.

Fálenos do momento no que vostede comeza a coller protagonismo na ACUROBA.

Cando morre meu pai, no ano 1987, xuntámonos máis os fillos e netos deses outenses que xa ían maiores: os Tuñas Caamaño, os Vázquez Luhía (hoxe en día Sandra Vázquez Luhía é a presidenta da sociedade), Ana María Sendón (filla do poeta), os Vendramín Martínez, os Outón, entre outros, e sen esquecer as nosas familias, que nos apoiaron e apoian sempre, soamente polo compromiso con ese currunchito de Galicia chamado Outes. No ano 1994 xorde outra vez a oportunidade de mercar a sede actual, na rúa Doctor Enrique Finochietto, 1219 (A), Ciudad Autónoma de Buenos Aires. Cos cartos aforrados e co préstamo dun socio mercouse unha fábrica de perfumes en desuso. Alí puxéronse á fronte das reformas os Tuñas Caamaño, os Vázquez Senra, para facer as obras necesarias, que foron moitas. Contamos neses tempos coa colaboración da Xunta de Galicia, o Concello de Outes, a Deputación da Coruña e doazóns de socios e amigos.

Das actividades que levan a cabo actualmente, cales destacaría?

Na actualidade contamos cun curso de lingua galega que xa leva 16 anos, ditado os sábados polo profesor Carlos Xavier Rodríguez Brandeiro (San Román de Montoxo, A Coruña), que é o Director Xeral do Instituto Argentino-Gallego Santiago Apóstol de Buenos Aires. Temos vinte e catro alumnos, unha biblioteca (bautizada co nome do ilustre poeta de Boel) moi completa, catalogada, onde os alumnos, e todos aqueles que o requiran, poden coller libros e material. Seguimos a celebrar as festas patronais, editase unha revista anual, onde os alumnos, e quen o desexen, teñen un espazo para escribir. Somos centro colaborador da Xunta de Galicia.

Dicía antes que as familias apoiaban o proxecto. De feito, teño entendido que a súa participa activamente na actual directiva.

Si, aí estamos. Este ano renovouse a comisión directiva, composta desta forma: Sandra Vázquez Luhía, presidenta; José Vázquez Senra, vicepresidente; Mirta Gosende Faraldo, secretaria xeral; Isabel Barral Botana, tesoureira; María Dolores Gallardo Fábregas, pro-secretaria; Eduardo Daniel Rodríguez Domínguez, pro-tesoureiro; Rocío Gallo Gosende, secretaria de actas; María Amparo Barral Botana, secretaria adxunta; Alejandro Gallo Gosende, primeiro vocal titular; Clara Obenza González, segunda vocal titular; Elizabeth Solimano Dominguez, terceira vocal titular; Ángela Vendramín Martínez, primeira vocal suplente; Jesús Martínez Martínez, segundo vocal suplente; Sara Martínez García, terceira vocal suplente. Comisión fiscalizadora: Carlos Rey García, primeiro revisor de contas titular; Marta Pérez Vidal, segunda revisora de contas titular; Maximino Gallo Piñeiro, primeiro revisor de contas suplente; Susana Gosende Faraldo, segunda revisora de contas suplente.

Preve un futuro optimista para esta entidade?

Claro que si. Pasamos malos momentos tras o falecemento do presidente anterior, Manuel Rey, mais agora creo que temos folgos renovados. Temos máis de trescentos socios. E o novo equipo de traballo, do que Alejandro forma parte, loita por rexuvenecela.

E manteñen contacto con outras sociedades de emigrantes da nosa comarca ou de zonas próximas a Outes?

Temos moi boas relacións con asociacións de Noia, Rianxo, Porto do Son...

Esta é unha pequena mostra do inxente labor levado a cabo polos nosos emigrantes, sempre co pensamento posto na terra de orixe. Mirta é un bo exemplo deste amor polo propio. Un amor que soubo transmitirlo aos seus fillos. Non esqueceremos o sorriso de Alejandro mentres os acompañabamos polo noso concello, ben fose visitando a casa de Añón, ben buscando pistas que o conectasen cos antepasados na aldea de Lantarou, ou no cemiterio de Outes, indicios que o conectasen coa “lingua dos avós que temos mortos”.

Mirta de nova, no medio, con parte da súa familia, celebrando en Buenos Aires as festas de San Xoán e San Pedro.



Escola de gaitas Manuel García, onde figura Mirta de gaiteira.

BUENOS AIRES CELEBRA GALICIA

O día que nos coñecemos por pouco Alejandro esquece a pandeirata no noso coche. Unha boa parte do cordón umbilical que une esta familia con Galicia ten que ver coa nosa música tradicional. Así o comprobamos no disco co que nos agasallaron, *Buenos Aires celebra Galicia* (2018). **É o testemuño sonoro da cultura, historia e identidade das colectividades afincadas na República Argentina, que celebran desde o 2009 a grandeza da terra nai, e fano con eixe na mítica Avenida de Mayo, “columna vertebral del centro histórico y cívico de la ciudad”.** Ao longo do día os bonaerenses e os turistas gozan da arte e da música: danzas, coros, cantareiras, desfiles, artesanía...

Dise nun dos textos do disco:

“Buenos Aires Celebra Galicia es la esencia misma de Rosalía y del propio Castela, *noso Castela*, que con fundamento bautizó a fuego esta tierra diciendo esta genial frase: *A Galicia Ideal*.”

Nosotros, músicos, cantaruxeiros y coreutas galegos que vivimos en la Quinta Provincia, dejamos este documento a las futuras generaciones de aquellos gallegos que vinieron a esta Patria y nos regalaron una nueva identidad que es ser gallegos de Buenos Aires”. Como non podía ser menos, abre o disco a peza “A Rianxeira” e péchao o “Himno Gallego”. Despois de escoitalo felicitamos a Mirta en nome de toda a colectividade musical galega na emigración argentina. Díciámoslle, medio en broma, que só botamos en falta o tema “Camariñas”. As cancións están fermosamente interpretadas, nin se nota o acento porteño de tan galego que é este disco.

Mirta Gosende ten un amplo currículo musical. Ademais de gaiteira é cantareira e pandereteira. Compoñente de varias agrupacións, moitas ligadas a entidades de emigrantes. Entre 1996 e 2017 foi vicepresidenta do conxunto de cantareiras Mouchos e Coruxas. En 1990 visitou Outes, acompañando o grupo Operativo Añoranza e as súas familias, cuxa viaxe quedou ben testemuñada graficamente durante unha excursión polas Rías Baixas. Mais xa antes fora integrante da escola de gaitas Manuel García, que representaba a ACUROBA nos anos oitenta. Alejandro, tamén tocado polo designio musical, é o elo que asegura que a cadea non rompa.

Visita a Buenos Aires da Banda de Noia. Mirta sostén a bandeira galega. Vestidos co traxe típico, dous dos seus fillos: Alejandro e Rocío.



Novas do mar

Xesús Mato



O Langaño e a Támara vense obrigados a recalar en Getafe por unha avaría mecánica.

Comprometinme no anterior número a contar algunha cousa sobre a participación da Terra de Outes na VI edición da Clásica de Vela Latina que se celebra en Lo Pagán, concello de San Pedro de Pinatar (Murcia), nas augas do mar Menor, nesta ocasión nos días 6, 7 e 8 de setembro.

A Federación de Vela da Rexión de Murcia e o Club Náutico de Lo Pagán (na ribeira do mar Menor) corren coa organización. Participaron aproximadamente corenta embarcacións procedentes da Rexión de Murcia, Comunidade Valenciana, Mallorca, Euskadi e Galiza, con distintas tipoloxías (vela latina, tradicionais e de época). Case todas navegamos no mar Menor, e só algúns dos barcos de maiores dimensións e calado, nas augas abertas do Mediterráneo. **As navegacións foron de exhibición e tamén de regatas. A Támara, que era aquela en que eu navegaba, aínda que acompañou as que ían nas regatas, preferiu, por prudencia maiormente, exhibi-la súa grácil e fermosa fasquí; non así o Langaño que, cunha tripulación máis competitiva, aceptou o reto nalgunha das regatas e a piques estivo de se facer coa vitoria, segundo ela mesma nos relatou. Amais das navegacións, na explanada do club náutico había varias exposicións sobre temas mariñeiros: espertou moito interese unha dedicada a trampas para peixes construídas con encanizadas en forma de labirintos que eran utilizadas**

tradicionalmente polos pescadores desta marisma; a maqueta que reproducía esta arte presentábaa o Museo do Mar de San Pedro de Pinatar e colaborou na súa elaboración o alumnado do módulo de acuicultura do IES Manuel Tárrega desta localidade. Recordaba a pesqueiras galegas para a lamprea.

As persoas organizadoras solicitaron á Culturmar (a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial) 6 embarcacións galegas para participaren no evento; só as nosas (a Támara e o Langaño) e unha dorna de Bouzas aceptaron a invitación, aínda que esta última tivo unha avaría no remolque que a obrigou a da-la volta cando estaba de camiño. Non é doado facer máis de 2000 quilómetros nun coche tirando dun carro cunha embarcación. Existen dous motivos que explican, penso eu, tan escaso número de barcos galegos en disposición de participar: a distancia e a pouca antelación con que se comunican as

datas de realización. Despois de facer eses 2000 e pico de quilómetros, un dos carros que levabamos, emprastado pola asociación Mar de Muros, necesitou unha reparación de máis de 400 euros que pagamos a medias a Terra de Outes e a Mar de Muros. O outro carro empréstouno o Concello de Outes: neste, polo cal turraba o meu coche, ía a Támara, e no outro, enganchado a unha furgoneta de alugamento, o Langaño.

O trato que recibimos foi excelente; as comidas, abundantes e sabedoras, acompañadas dun viño Jumilla que sabía a gloria; para o aloxamento dispoñíamos de dous apartamentos de luxo para as 6 persoas da expedición, situados nunha urbanización de Los Alcázares, poboación que sufriu graves inundacións dous días despois de que marchamos nós.

A viaxe de volta foi bastante accidentada: á parte do meu coche levabamos unha furgoneta de alugamento que sufriu unha avaría, polo cal no luns 9, que era o día previsto para face-la viaxe de regreso, tivemos que levala ó taller; de acordo coa empresa que nola alugara, decidimos que o mellor era facelo na primeira hora da



mañá nun taller da localidade de Molina de Segura que nos quedaba de camiño e estaba moi cerca; xa no taller, infórmannos de que teñen que cambiar unha peza pero que, como teñen que pedila, non poderán reparala ata aproximadamente as 5 da tarde; intentamos que a empresa de alugamento nos proporcionase outra furgoneta, podíase facer, pero non en menos tempo. Tocaba ter paciencia, era imposíbel chegar á casa no luns e decidimos face-la viaxe en dúas etapas: luns ata Madrid e martes Madrid-O Freixo. A secretaria da Culturmar contratounos un hotel en Madrid cerca da A6 e cun amplo aparcadoiro para os coches e os barcos. Para facer tempo mentres se arraxaba o transporte, decidimos irnos facer turismo a Murcia, que nos quedaba a un paso. Collemos un autobús e chegamos á catedral na misa cantada das 12, paseo polas rúas máis céntricas, un par de viños coas súas correspondentes tapas, un bo xantar nunha terraza e de volta a Molina de Segura, arrancam e tira para Madrid. Xa escurecía e cando aínda faltaban uns cantos quilómetros

para chegar a Madrid, a furgoneta empeza a fallar outra vez: cada vez ía movéndose máis amodo, o tráfico de camiós entrando en Madrid mete medo, un dos nosos tripulantes ten un amigo en Getafe que temos moi cerca, falamos con el e pedímoslle un enderezo a onde poidamos chegar con dous barcos e aparcar, coñece alguén que ten unha nave nun polígono industrial onde podemos deixar coches e barcos, alá imos, chegamos ó polígono industrial, deixamos todo o lote de embarcacións e vehículos e, como é hora de cear, as persoas que nos recibiron acompañánnos a un bar do centro onde nos ocupamos de varias bandexas dun moi bo xamón, algún viño, e bastante conversa e risas para liberar tensión do apuro. A empresa de alugueiro da furgoneta, na primeira hora da mañá do martes, chegou cunha furgoneta nova a Getafe para cambiala pola que tiñamos; o martes xantamos na Gudiña e, pola tarde, por fin, chegamos ó Freixo.

Pode parecer que se pasan, neste tipo de actividades mariñeiras, moitos apuros e

outras calamidades; nada máis lonxe da realidade, porque aínda que sempre aparece algún problemíña, ó final todo ten arranxo, e son moitas máis as risas ca os choros. O certo é que o pasamos en grande, aínda que nesta ocasión foi máis difícil moverse por terra ca por mar.

Que toque o gordo na lotaría da Terra de Outes é realmente pouco probábel, hai que ter fe: era pouco probábel que en Murcia (provincia) atopásemos alguén coñecido, menos aínda que fose precisamente durmir a Los Alcázares xusto esa fin de semana, e só faltaba que fose un socio da Terra de Outes ... POIS ERA DA TERRA DE OUTES!!! Chámase Xabier, ten un amigo que vive en Los Alcázares, e tiña un billete de avión para pasar con el esa fin de semana. Pode ser que nos toque o gordo. O amigo de Xabier e a súa compañeira fixéronnos de persoas anfitriñas para coñecérmo-la zona e, xunto con Xabier, participaron das navegacións, e tamén nos botaron unha man coas faenas nos barcos.

“HAI 500 ANOS”

Elcano a volta ó mundo daba,
e Terra de Outes para celebralo,
cara ó Mar Menor arrancaba.

Por primeira vez Añón
a súa cara na vela lucía,
por primeira vez Añón
a súa triste cara sorría.

Cruzamos Castela
que tanto falou Rosalía,
cruzamos a Mancha
onde Sancho tanto bebía.

Asaltáronnos en moitas peaxes,
bebemos jumilla con alegría
desfrutamos das paisaxes
ata que a noite matou o día.

Chega o momento da regata.
Añón protesta en rebeldía:
O seguro non nos cubre!!
mais manda a mariñeiría.

Poñemos caza á Armada,
o comandante do Hespérides,
guía,
xa nos ferve o sangue!
xa Añón sorría !

Fáltannos palmos e vela,
sóbrannos táctica e anarquía,
fáltannos cervexa e jumilla,
sóbrannos tres voltas,
a regata está perdida.

Navegamos ben co Levante
ata que a furgoneta se avaría,
comemos muxo
e non lumbrigante,
quen dixo porquería?

Interrompida a travesía
preguntámoslle a Añón:
Timba no Casino?
Paseo pola Trapería?
Onde se compra lotaría?

Non corras que chegamos
tarde.
Non bebas, xa non hai jumilla.
Non rías que o monte arde.
Non chores por este poemilla.

Amaro Bravo



Unha galega de Erasmus na Irlanda (I)

Alba Calo Blanco



Todos coñecemos os máis famosos atractivos naturais da illa esmeralda, pero é fácil sorprenderse atopando paisaxes naturais coma esta en lugares inesperados.

Cando comezas co papelame do Erasmus, case un ano antes de teres que marchar, velo todo moi lonxe. Hoxe podo dicir que levo vivindo case catro meses en Maynooth, unha pequena cidade universitaria a 30 km de Dublín, na Irlanda. **Aínda me quedan uns 5 meses máis aquí, pero a estas alturas a illa esmeralda xa me ten namorada e podo afirmar que me sinto coma na casa, quizais por ser tan similar á Galiza en tantos aspectos.**

Das primeiras cousas que che chaman a atención ó chegares, sobre todo por unha cuestión de supervivencia, é o tráfico. Na Irlanda, igual ca no Reino Unido, condúcese pola esquerda. Isto é algo do que, obviamente, non é fácil esquecerse, pero o que sempre terás que recordar é que se tes intención de sentar nun coche de copiloto debes entrar polo lado esquerdo tamén. A primeira vez que vas cruzar un paso de peóns é gracioso ter que mirar tres ou catro veces a cada lado porque non sabes por onde pode aparecer un coche, pero aínda é máis gracioso que saias da casa correndo nun día de choiva para entrar ó coche e teñas que lle dar toda a volta mollándote máis porque ías directa para conducir cando o que querías era

sentar como acompañante. Respecto a se a xente irlandesa conduce ben ou mal, iso xa “é fariña doutro costal”. Polo que teño visto, igual ca en calquera outra parte do mundo, hai xente de todo o tipo.

Din as malas linguas que o acento británico máis inintelixíbel é o escocés, seguido polo irlandés. Como estudante de linguas, os acentos apaixónanme, e algo curioso da Irlanda é que parece que cada persoa ten un acento diferente, mesmo nacendo ou vivindo na mesma área. Vivo con dous nativos que naceron na mesma cidade e traballaron máis ou menos na mesma zona e para min soan totalmente diferentes, pero o oído afaise, e pode que chegue o momento en que xa poidas diferenciar entre o acento de Dublín, o de Galway, o de Cork e o de Belfast. Para min o máis fácil de distinguir, sinceramente, é o español. Logo se nos recoñece cando abrimo-la boca para falar. Eu, por exemplo, xa incorporei ó meu inglés o noso característico “eh” ó final de cada frase, e algo que notan tanto as persoas irlandesas, coma francesas e doutras nacionalidades é a nosa incapacidade para diferenciar entre os seus sons “b” e “v”.

Respecto ó irlandés, a situación é crítica, mesmo peor ca a do galego. Dúas palabras moi importantes: “sláinte” é o equivalente a “cheers”

en inglés e ó noso “saúde” para brindar, e “fáilte” significa “benvido”, pero da pronunciación xa non falamos. Algúns termos que só se usan no inglés da Irlanda (*Hiberno-English*) e que fun descubrindo estes meses son “the jacks” para se referir ós baños dun lugar público, “What’s the craic?” para preguntares “que tal?” ou “que pasa?”, “grand” para te referires a algo “cool” ou “guay” e “loads” en lugar de “lots”.

O tempo é un dos temas de conversación favoritos da xente irlandesa e unha das cousas con que intenta asustarte a xente antes de vires. Para unha persoa galega, a verdade é que tampouco hai moita diferenza. Debido ó cambio climático, un fenómeno real, este inverno nin choveu demasiado nin foi un frío polar, algo pouco común anos atrás na mesma época. Non obstante, parece que os meses nos cales máis adoita chover na Irlanda é de febreiro a abril. O que si me impresionou son os cambios bruscos de tempo e os microclimas, que aquí chegan a un nivel extremo. Xa din as persoas de aquí que na Irlanda podes vivi-las catro estacións nun día, pero non cre-lo rápido que pode se-lo cambio ata que non estás aquí. **É común que vaia un moi bo día e de repente o ceo se nubren sen aviso previo e que chova coma no diluvio universal durante só cinco minutos, para que despois amaine e faga unha calor abrasadora: por iso son tan comúns os arcos iris aquí.** Outra cousa que tamén chama a atención é o ceo. Dá a impresión de que as nubes están moi preto da túa cabeza, e aquí vin a lúa máis grande da miña vida. O que si che fai paga-la factura, aínda que sexas galega, son as poucas horas de luz solar. A partir do cambio de hora do inverno ás catro e media ou cinco da tarde é noite pechada, e iso afecta o humor, a enerxía e os costumes das persoas.

Quizais é debido ó tempo e ás poucas horas de luz solar que a xente irlandesa pasa tanto tempo nos pubs. O concepto de pub irlandés é algo que ó principio non me chamaba demasiado a atención, pero é inevitábel acabar namorada deles, porque o plan de ir tomar un café a unha cafetería non é algo moi popular aquí. Estas adoitan cerrar ás cinco da tarde, igual ca a maioría de tendas —exceptuando o supermercado, que abre ata máis tarde e os setes días da semana—, polo cal ó saír do traballo a única opción que che queda é o pub.



O'Connell Bridge en Dublín sobre o río Liffey, unha ponte tan ancha coma longa e que cruzarás a miúdo se visitas a cidade.

Fogar das pintas, si, pero tamén do té, e por suposto, da música. Non sabería dicir que se bebe máis aquí, se cervexa ou té, pero, con certeza, son as dúas bebidas oficiais da Irlanda: dá igual a hora que sexa, sempre é un bo momento para beber unha Guinness –a miña favorita sen dúbida e, sentíndoo, pero coa man no corazón, moito mellor ca a nosa cervexa– ou tomar un té –Barry's e Lyons son os preferidos aquí– cun chorriño de leite. É moi común que á tardiña esta bebida estea acompañada por música en directo, que tanta maxia proporciona ó ambiente. Na Irlanda teñen unha cultura musical excepcional, só hai que ve-la lista de músicas e músicos relevantes que saíron e seguen saíndo de aquí: Enya, a banda U2, The Cranberries...

En xeral as cidades aquí son moi diferentes ó modelo clásico europeo. Dublín quizais a que máis e Galway a que menos por pertencer ó oeste, pero todas –Cork ou mesmo Belfast, na Irlanda do Norte– teñen certo ar industrial e moi moderno que as sitúa lonxe da nosa idea de zona vella ou máis clásica. A Irlanda está

obviamente moi influenciada polo Reino Unido, pero tamén polos Estados Unidos. Isto non quere dicir que as súas cidades sexan menos atractivas, son un espello do que viviron as e os seus habitantes, e teñen historia en cada esquina. O bonito de Dublín, ademais do seu ambiente na zona dos pubs, é que podes estar camiñando por unha rúa de tendas que desemboca nunha inmensa igrexa de estilo medieval, veciña do parque público pechado máis grande dunha cidade europea. Se este tipo de cidades non son tanto do teu agrado, Irlanda sorprenderte coas súas paisaxes, onde certamente non ten nada que envexar a ningún outro lugar. Poboacións costeiras como Howth, Dalkey ou Dún Laoghaire teñen o seu encanto. Lugares como Glendalough, Connemara, Moher ou a Calzada do Xigante quitaranche o alento, e os lagos irlandeses semellaranche espellos.


Na súa maioría, a irlandesa é xente extremadamente amábel e a quen lle encanta España, aínda que o seu concepto de España estea un pouco limitado a Marbella e Fuengirola. Sorprende ó chegar aquí que, por exemplo, se preguntas por un enderezo ou por indicacións para chegar a algún lugar, deixarán a medias o que están a facer para iren contigo ata o teu destino e asegúranse de que estás no lugar correcto. Xeneralizando, que nunca é bo, poderíase dicir que a sociedade é bastante parecida á española e moi similar á galega, o que non sorprende se comparámo-las historias de ámbalas nacións, quizais coa diferenza de que é difícil que nela se traten certos temas en público ou coa liberdade con que nós estamos acostumadas a tratalos, por exemplo na miña xeración. Non obstante, á hora da verdade, parece que teñen as cousas, e sobre todo os seus dereitos, máis claros, mesmo por encima das tradicións. Tamén sorprende a cantidade de persoas maiores que atopas estudando na universidade. É común ver tanto persoas de trinta ou corenta anos, coma de sesenta ou

setenta polo campus e respondendo a pregunta dunha profesora na túa clase.

Durante o Erasmus estou tendo tamén, como non, relación con persoas españolas, e tiven a oportunidade de discutir e falar a miúdo con varias catalás e cunha vasca sobre a pluralidade nacional que atopamos en España. A moitas compañeiras ou compañeiros doutros países sorprendeunos que nun territorio mediano comparado co resto da Europa, e pequeno se falamos da América, puidesen existir sentimentos tan específicos, diferentes e fortes, e a este respecto penso que tiveron moita sorte coa elección do destino porque **no meu caso, con 20 anos, podo afirmar que vaia a onde for e viva onde vivir sempre vou saber de onde veño e sempre me vou sentir galega –sentimento que, teño que dicir, parece que sempre aflora máis cando estás lonxe ca cando te atopas no propio fogar–**, pero podo constatar, porque me pasou, que se pode atopar un sitio coma a casa lonxe da casa, unha familia postiza e unhas amizades que sabes que terás para toda a vida porque, aínda que formas vínculos “moi rápido”, son moi intensos e perduran, porque non imaxino que poida ser doutra maneira.



Debido aos cambios bruscos de tempo en Irlanda a miúdo é posible ver arcos da vella.



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

Ourense - Santuario de Nosa Sra. dos Milagros (30 kms)

Xastre



O primeiro fin de semana de setembro celebrouse unha popular novena, con peregrinación incluída (de aí a nosa iniciativa), no concello de Baños de Molgas, en Ourense. Goza dun santuario de estilo barroco-neoclásico, cun balcón dende onde ofician a santa misa, perfilando un conxunto imponente ubicado no chamado Monte do Medo.

Aínda que a hora de saída de Ourense quedara para as 4:00 h. da mañá, sería arredor das 5 e media cando dispuxemos iniciar a romaxe, con peticións expresas para a santiña.

Ás 2:30 h. da mañá, saín da casa en dirección a Bertamirás, onde quedara con parte da expedición para así saírmos xuntos cara a Ourense no vehículo de Xulia, xunto con Ánxeles e Iolanda. Con rigor británico coincidimos fronte á Oficina de Correos –que casualidade!!– e tras o protocolo da boa educación, saudarnos entre nós, enfiamos cara á capital das termas. Chegamos alá sobre as 4:00 h. e despois de recoller a Marta, outra compañeira da viaxe, converxemos con Otilia e Xosé Manuel, completando así a expedición. Unha vez

estacionados os vehículos –tarefa non tan doada– collemos rumbo arredor das 4:30 h. **Entre un frío que empezaba a notarse e xunto coas lanternas alumeando a estrada, parecíamos mesmo unha postal da mismísima Santa Compañía!!**

Durante o itinerario –case na súa totalidade en continua ascensión– puxemos pé en lugares coma Santa Mariña do Monte, O Picouto, Solbeira, Siabal, San Lorenzo e Cascarreira, todo ao longo da OU-101. Andamos medio traxecto esperanzados de encontrar aberto un bar que, na fría realidade das 5:00-6:00 h. da mañá, estaba pechado. Seguimos co itinerario marcado por lugares coma Caxamonde, San Xillao de Figueras, Sanguñedo, Brandín, Alvite, e, como non, un lugar que tardaremos en esquecer pola súa calidade do café (aínda que café, café!!, non sei eu!!), xa en Baños de Molgas, preto do obxectivo marcado.



Fixemos entrada no perímetro do santuario arredor das 11:30 h. tendo lugar o oficio da santa misa dende a balconada exterior, e á súa conclusión fixemos o paseño por diante da Virxe, xa no interior. Coa mesma asistimos á solemne misa das 12:00 h., pois era a nosa finalidade dende o principio. Tras a conclusión da mesma quedáramos con Xosé Antonio, outro amigo noso que decidira acompañarnos e botarnos unha man na degustación das racións de polbo e churrasco. Tamén se achegaron co mesmo fin un par de amigos de Xulia, chegando así aos dez comensais ao longo da mesa. A esas horas da mañá xa petaba Lourenzo, e de que maneira!, nas nosas cabezas... e os corpos andaban medio amolecidos buscando unha sombra amiga baixo unha carpa allea.

Xa de volta en Ourense, tras unhas cervexas, retornamos o cambio de provincia cara ás nosas orixes arredor das 6:00 h. do serán, envoltos nunha enigmática pesadez corporal e soportando esa calor ourensá ao longo da autoestrada, cuns 26-28 graos no exterior... En fin, o importante é que tivemos unha xornada sen novidades e cumprimos o ritual tal e como tiñamos acordado. E agora, se o ten a ben, que a santiña poña algo da súa parte, e todos contentos!!



LECTURAS RECOMENDADAS

A noite do lobo.**Abel Tomé**

Editorial Galaxia,

Premio de narrativa Illa Nova 2019

De novo dedicamos esta sección ó xornalista e escritor outense Abel Tomé, quen publica o segundo libro dunha triloxía con que obtén o premio literario de narrativa Illa Nova deste mesmo ano. O primeiro libro, *A noite do corvo*, xa foi recomendado no número 44 da nosa revista, ademais de publicarmos unha interesante entrevista co autor nas páxinas centrais dese exemplar.

Se no primeiro libro falabamos dunha novela policial, neste segundo estamos diante dunha novela de aventuras. A trama xira arredor dun cazador, Lourenço d'Ourantes, contratado para dar morte ó terrorífico lobo asasino que atemoriza nas terras do Val de Constança. Un home misterioso e atormentado polo seu pasado, que mesmo renega da súa propia existencia.

Ademais desta trama principal, a novela contén outras historias orbitando arredor, o que fai que o relato sexa moi áxil e rápido, cumprindo á perfección co obxectivo dunha historia de aventuras: amenizar e diverti-las lectoras e os lectores. Mais tamén o autor, relatando a travesía vital do protagonista, fainos reflexionar, obríganos a pensar e a

tomar partido diante dos abusos de reis e nobreza, diante do poder cruel da Igrexa. Tomando a referencia dun Robin Hood na procura de xustiza, será a forza do pobo contra o poder opresor, traendo ó noso maxín as revoltas Irmandiñas, como un aceno, entre outros máis, á nosa historia.

Unha característica destacábel desta novela é a súa ambientación. Escenarios oníricos, seres fantásticos e mitolóxicos, destacando Eadar, a figura feminina da natureza, que interpreta a foresta do bosque sendo un personaxe fundamental e eixe central no relato. Tamén son moi salientábeis as descrições de contornas naturais. Toda a obra está chea de localizacións xeográficas relativas á natureza. O bosque, o clima e mesmo o patrimonio que identificamos como territorio galego (referencia á cultura castrexa e á romanización). A selva, que nos sitúa na outra parte do mundo e que fai parte fundamental do relato, que configura a personalidade complexa do protagonista. A natureza e o contorno como esencia e comprensión do comportamento humano.

Na lectura de *A noite do corvo* atopamos, atendendo á escrita, formas similares coa súa primeira novela e que contribúen a identificar e acentuar o estilo do autor. Así, vemos como os títulos dos capítulos son versos de Emily Dickinson (no primeiro libro son citas de Walt



Whitman). Tamén os topónimos, unha característica das dúas novelas que chaman moito a atención e que, semella, son moi do gusto do autor. E, por último, o estilo directo, de linguaxe clara, que axuda ó entendemento do relato.

Este libro, de época e lugar sen especificar pero con recursos literarios que o autor utiliza moi habilmente para situarnos, é recomendábel para desfrutar dunha historia de aventuras, misterio e intriga, na cal a natureza conforma un “decorado” imprescindible.

Recomendo hoxe a segunda novela escrita por Abel Tomé que chegou co premio de narrativa Illa Nova 2019. Quedo á espera do último libro que completará a triloxía.

Lidia Vicente

FOTO ANTIGA

Aleluia!!

O interese, por así dicilo, desta foto radica na calma que condiciona ás veces dentro dun fondo teatral e moi simple, sen respostas, con entretempos curtos e levadíos que por momentos cambian radicalmente a uns meros orballos anímicos espallados no tempo... Raiolas planas coma simples elementos da paisaxe, amizades sen dúbidas, con esperanza nas obras dos homes, alegrías sentidas nos adentros máis próximos á alma.

Coma se dunha novela se tratase, podemos ler entre liñas as escuras correntes coma nun espello, cunha vantaxe... a paixón que desborda vida... coma un todo en si mesma, coma un río discorrendo polos distintos tempos, distintas frescuras, distintos ritmos... pero sempre mollado polos sentimentos que expresan as persoas que senten cousas boas e as comparten.



Acabarán seguro voltando á rutina, os tempos da chuvia e a néboa, coma un recorrente paradoxo nunha paisaxe interior tan nosa que asusta de primeiras...

mais esa angustia primeira esvaécese a medida que o trato envolve todo o seu arredor, deixando unha franqueza pueril e máxica... xeométrica.

Xastre

RELATO

OUTONO

A Demetria miga de vagar o pan no caldo quente. Afora chove. Os beliscos irregulares van caendo con parsimonia de mans que lle botan o último combate á artrose. Despois de media ducia, os movementos fanse mecánicos e a mente permítese divagar. Mañá fai noventa anos. Da súa infancia lembra apenas catro anécdotas de nena; polo demais, traballo, traballo e traballo. Os pais estaban apegados á terra e os irmáns entraban na rolda en canto eran quen de soste unha aixola. Fame non pasaban, que sempre había que facer, pero un bocado de bica e unhas verzas e patacas nunca faltaron na mesa. Poucas festas, pero algunha houbo. Facer, fixo partida coas outras mozas da aldea que, levándose poucos anos, xuntaban máis que xente hai hoxe por xunto. Disfrazábanse con farrapos polo entroido e botaban a mañá de camiño á festa sinalada, un San Antonio ou unha Virxe do Carme. Cantaban os reis ós guedellos de cabra, apostaban coas cuadrillas de mozos quen facía a máis grande trasnada, así fóra pendurar carros dos tellados ou tirar bocois á ría. Era a voda da Minia, pola festa de San Bertomeu, que alá foi co curmán Xacinto esmagar os regos dun campo acabado de arar. Cómpre dicir que daquelas o Xacinto era guapo como un galán de cine, o Gary Grant da

parroquia, e non o ventre peideiro no que acabou converténdose, e mais que o licor do banquete baixaba ben e subíase á cabeza coa música e o baile. Toladas de mozos, pero canto valera ter quedado con el, que era moito de conto e aloumiño e non acabar co Zenón. O Zenón arreaba, así chegase seco ou mollado. Había días que a Demetria non tiña remedio senón fuxir e durmir na rúa, onde atopase un currunchito medio mol e medio incómodo. Ata que decidiu que abondaba e marchou de todo. Entre medias foron moitos anos, varios abortos e un pequeno que marchou dunha infección sen a penicilina chegar a tempo de facer nada. E moitas malas palabras, e couces e labazadas. Acabou acollida onda uns parentes con nenos pequenos ós que adoraba. Botou moitas risas con aqueles cativos tan inxenuos. E por fin a vida arrefriou. O Zenón mirou para outro lado e ela puido dar un par de pasos adiante. Volveu querer-se, como non se quería cando non comprendía como non podía agrada-lo ó marido. Tampouco comprendeu ó principio como un funerario viúvo podía namorar dela, dunha muller casada e que non era capaz de dar fillos ó seu home. Pero o Edesio, que el pronunciou **Adesio ata o último alento, demostraba unha e outra vez que a quería, que o sol loce tamén no inverno e despois sempre vén a primavera.**



Acabou criando uns fillos maravillosos que doutro xeito terían seguido sendo uns orfos infelices e que a aman como á nai que perderan, como a aman os netos e bisnetos. A súa vida mereceu a pena. Mañá virán os netos e os fillos que criou e celebrarán a nova década que ela enceta.

Afora segue chovendo cando deixa caer no prato as faragullas apegadas ás palmas das mans. O tempo volve tomar corpo e o pensamento arranca un sorriso da boca agretada de Demetria. Con certa cerimonia, como se fose un tributo ó tempo perdido, leva ós beizos unha cullerada de caldo na que flota un anaco de pan. No mesmo instante en que aquel sorbo, coa miga do pan, toca o seu padal, estremécese, e fixa a súa atención nalgo extraordinario que ocorre no seu interior. Un pracer delicioso invádeala, íllaa, sen que saiba que o causa.

Henrique Álvarez

RELATO

SOÑOS DA MORADA ABERTA

NÚMERO 2: FOGAR

Camiño cara a aquel edificio, buscando algo... Alguén... Non sei. Quizais a miña amada? Vou cheo do gozo que me produce a anticipación do encontro. O portal está aberto, chego ó ascensor. Diríxome ó andar: 3.º, e á porta: D.

Entón, de súpeto, prodúcese un cambio: resulta que teño a chave na miña man. Sorprendido, introdúzoa na fechadura, fágoa xirar e empurro a porta con suavidade.

Deste xeito descubro que estou entrando no fogar onde nacín e me criei. Todo o que vou atopando parece estar cheo dunha vida estraña, como

dun baleiro aínda palpitante. Recoñezo os móbeis, os adornos (cada obxecto permanece no seu lugar); tamén recoñezo a luz, e, flotando sobre todo o demais, os cheiros familiares.

Mais non vexo ningunha persoa (nin pais, nin irmáns, nin avós), parece que o fogar está deshabitado dende moito tempo atrás. Iso prodúcese inquietude. Quero saír de alí e non atopo a saída. Tento abrir diferentes portas, pero non dou. Atópome asustado. Bato nas diferentes portas e ninguén me responde.

Espertei desacougado.

Eloi Hervella

hervella65@gmail.com



Gravado: Xosé poldras (www.xosepoldras.blogspot.com)

Fútbol...gaélico.

Gaélico? Que é iso?

Adrián Díos Vicente



Hoxe imos falar de deporte. Concretamente, nada máis e nada menos que do deporte nacional de Irlanda, se ben é practicamente descoñecido no resto do planeta. Chámase Fútbol Gaélico e, a diferenza do fútbol inglés (é dicir, o noso fútbol de toda a vida) xógase coas mans.

Estou seguro que con ese dato conseguín captar a atención de quen le: como se vai xogar a fútbol coas mans? Que parvada é esa? Pois si, en terras irlandesas o que lles parece raro é xogar soamente cos pés. Imos comezar explicando un pouco como se xoga a este deporte, para despois dar algún detallito curioso ao respecto. Porque isto é importante: Galiza ten unha selección nacional recoñecida internacionalmente, a selección galega de fútbol gaélico.

Pero, como diría Jack O Destripador, vaíamos por partes. Primeiro, como se xoga a iso?

En Irlanda o fútbol gaélico xógase 15 contra 15 en campos de rugby, se ben nas competicións internacionais o habitual é xogar en campos de fútbol e 11 contra 11 ou 9 contra 9. Primeira idea rápida: o gaélico é unha mestura de fútbol, baloncesto e rugby.

Indo á realidade do gaélico galego: imaxínade un campo de fútbol onde xogan 9 persoas contra 9 persoas. A portería é como de fútbol, pero tamén ten paos de rugby cara arriba, porque marcar un gol vale tres puntos, e se marcas un tiro a paos (é dicir, por riba do largueiro) vale un punto. Gaña quen consegue máis puntos, como é obvio.

Como te podes mover co balón? Aquí chega a parte divertida: podes usar os pés, pero tamén podes levar o balón na man. A norma para correr co balón di cantos pasos tes que botar ou facer un solo. Un solo quere dicir que tes que dar un toque ao balón co pé para seguir movéndote, e tampouco está permitido dar máis de un bote seguido. É dicir, que se queres correr co balón, cada catro pasos tes que botar e despois facer un solo. Xa vos garanto que ao comezo existen posibilidades de querer facer un solo demasiado rápido e ir de cabeza para o chan, porque non é tan sinxelo como parece. Para pasar coa man non podes soltar o balón directamente, tes que golpealo (coa palma ou co puño, pero sempre dende debaixo do balón), aínda que tamén podes dar pases cos pés sen restrición de ningún tipo. Por último, non podes agarrar o balón do chan directamente, hai que pinzalo co pé antes.

Seguinte cousa importante: defensa. Unha vez máis, mestura de fútbol e rugby: o nivel de contacto é moi superior ao do fútbol, pero non están permitidas as placaxes de rugby, só as cargas laterais. Polo tanto, non se pode agarrar (que de feito é algo que está moi mal visto), pero si cargar. O xeito de roubar o balón é golpeando, que é onde se producen as situacións máis "violentas", porque ao tentar roubar o balón podes golpear ao balón pero tamén é posible (probable, de feito), que impactes co corpo do rival. As faltas xulgan intencionalidade, polo que se das un golpe pero na busca do balón seguese xogando. **E en relación a isto está o máis interesante deste deporte: a nobreza. Aquí non hai xogadores no chan facendo teatro, xente pedindo penalti inexistente nin choromicadas varias, hai que continuar xogando e á figura do árbitro hai que respectala.** Nese sentido, o gaélico ten moitísimo máis que ver co rugby que co fútbol. De feito, está prohibida a profesionalización dos xogadores, que teñen que xogar no equipo do seu condado, e só por motivos laborais poden trocar de equipo. Iso si que é sentir as cores, e non o fútbol negocio actual.

E como chegou isto a Galiza? Ben, o certo é que se xoga a gaélico dende fai menos de 10 anos no noso país. O deporte importouse porque un profesor da Universidade da Coruña, ligado a estudos irlandeses, coñeceu o deporte nas súas viaxes ao país celta e decidiu montar uns partidos na cidade. A partir de aí, o crecemento foi espectacular, até o punto que hoxe existen máis de 25 equipos nas ligas masculina, feminina e mixta, o que quere dicir que unhas trescentas persoas xogan a fútbol gaélico en Galiza, facéndonos unha potencia mundial no deporte. De feito, o resto de equipos de fútbol gaélico do Estado están conformados, practicamente en exclusiva, por emigrados irlandeses, contra os que os equipos galegos xogamos o Campeonato Ibérico. Ademais, varios equipos contan xa con categorías inferiores, polo que xa hai rapazada practicando o deporte.

Ao mesmo tempo, a Federación Irlandesa de Fútbol Gaélico, que a efectos prácticos é a Federación Internacional, ten recoñecida á selección galega, polo que participamos con normalidade nos campionatos internacionais, tanto europeos como mundiais. De feito, este verán o noso equipo feminino chegou ás semifinais, cun increíble terceiro posto. O equipo masculino pasou a primeira ronda e quedou eliminado contra Francia en oitavos de final despois dunha prórroga. A nosa participación internacional é tan notable que o Primeiro Ministro de Irlanda chegou a regalalle a camiseta da Selección galega ao mesmo Mariano Rajoy.

Se tedes máis curiosidade neste deporte (e deberíades tela), non dubidedes en buscar en internet vídeos do fútbol gaélico, e nunca máis ides ter interese en Messis nin Cristianos, garantízovolo!



Novidades-arr!

Os pósters con imaxes do noso contorno camuflando os colectores do lixo, están ben, mais podían estendelo a máis colectores, e non só os do núcleo, nos que tamén podían utilizar fotos antigas para darlle un ambiente distinto en tempos distintos, marcando un antes e un despois en todos os aspectos... *capisci??*

Mentres que algún que outro tenta sementar de dolmens a comarca delimitada no seu (construcións logradas, e ben feitas, todo hai que dicilo, e dicimos máis), aínda ha de aparecer algún cidadán de idade avanzada afirmando que xa levan no sitio miles de anos... A cabeza non para!... Tamén deberían aclarar de onde saíron as pedras, se hai permiso para tal cousa, como nos recorda aquela historia do cura e o monaguillo; o monaguillo que non cría nada sobre o santo ao que tanto rendimento lle sacaba o ditoso cura, mais de repente un día na caixa tola alí estaban os dous louvando as marabillas e milagres do santo en cuestión, coma dous devotos... Ver para crer!!, e isto é algo parecido e case cos mesmos actores, un máis un menos...

Que máis... **As obras abertas na praza do Cunchido, xa levan o seu tempo, e mirando para elas non é que adianten moito choio dunha semana para outra... Como que van algo lentas... O clima non acompañou, pero non debería ser desculpa por ese encallamento temporal da mesma. Obra empezada... obra acabada.**

Aplaudimos que se teña interese en arranxar as avenidas de San Campio e de Fisterra, proxectos parados por sabe deus que razóns, mais que se volvan retomar eses, xunto con outros, é de agradecer. Tamén as luceciñas do Nadal tan de moda nos últimos tempos, ben, un toque distinto en datas sinaladas coma estas, non está de máis. Hai que ir marcando un antes e un despois, pensará máis dun cidadán!!

Outra cousiña máis, neste caso referente ao tema dos eólicos, ese futuro parque aspático-eólico, que parece que se dá por feito, e á cidadanía gustaríalle saber a postura que lidera o goberno consistorial con relación a isto; pois parece que se parte do suposto de que xa están a xirar, que nos vaíamos facendo á idea de ver o restante do monte que nos queda no concello cheo de viraventos, sen pensar máis nos diversos impactos que causarán en moitos aspectos... Queremos saber!!... Terían que durmir unha noite ou tentalos soportar ao seu carón, louqueando co rumoreouma, rumoreouma meténdose nos miolos... Un atordamento de psiquiátrico!

Queremos reiterar a necesidade do control sobre o uso de vehículos oficiais en tempos de desconto, é dicir, ás 10 da noite un sábado tomando chiquitos, que non parece ningunha urxencia, pois son para o que son, e non para paseos de lecer en horas nocturnas e con agravante de deixalos agochados adrede entre as fieitas, coma un raposo. Mais non son os de sempre, sonche caras novas. Coma se fósamos parvos... Pois non pasa nada de nada!!

Co paso do tempo seguiremos desbullando...

Lusco e Fusco

ASÍ NON ...



Que non acabe como a obra do Escorial !!

ASÍ TAMPOUCO ...



Sinalización e mantemento deficiente. Asignatura pendente.

ASÍ SI ...



Un pouco de publicidade non está de máis.

A triaxe nas Urxencias para valora-la gravidade dun caso e a atención que debe recibila persoa (e cando)

Xosé M.^a Dios Diz

O funcionamento da triaxe nas Urxencias, nas Emerxencias e no 112 (coas súas prioridades, limitacións e a consecuente espera para quen sofre o proceso e para o resto de usuari@s) causa nervios e xera continuos conflitos. En parte, débese a que moita xente descoñece o sistema. Temos que ter en conta o uso (e abuso) dos centros sanitarios como porta de entrada dunha “urxencia” que en moitos casos é vital e, noutros, “non tanto”. Tentareino explicar.

Nas Urxencias dun hospital, adóitanse xuntar decenas de pacientes (e ás veces centos, en hospitais moi grandes), con todo o tipo de patoloxías: dores variadas, politraumatismos, fracturas, partos en curso, sangraduras por traumas ou durante o embarazo, febre, tose, fatiga, debilidade, mareo, desmaio, arritmias etc.

E nas Urxencias traballa un número limitado de profesionais (1, 2, 6, 10, 15, 20... segundo o tamaño do hospital ou PAC ou centro de saúde): médic@s, enfermeir@s, auxiliares, celador@s etc. Igual ca o número de chamadas ó 112, que supera en moitísimo o número de recursos de urxencias de que se dispón. Non hai un médic@, un/ha enfermeir@, unha ambulancia... por paciente. E cando hai desproporción entre pacientes e recursos, entra en xogo o chamado “sistema de clasificación de pacientes” (traxe).

A triaxe inventouse “nas guerras” para dar prioridade á evacuación das persoas feridas máis graves ou moribundas por diante doutras, quen, a pesar da dor das feridas e mais do medo e da angustia, podían esperar, porque as súas vidas non corrían un perigo inmediato. Coma na guerra, a triaxe hospitalaria (e a do 112 e a do 061) céntrase nestes tipos de doentes. O procedemento é o seguinte:

- 1.º) As persoas doentes que ESTÁN A MORRER (hemorraxia masiva, incapacidade para respirar...) ou chegan mortas (en parada cardíaca): son as EMERXENCIAS VITAIS.
- 2.º) As que teñen CLAROS SINAIS de que poderían morrer nas seguintes horas se non se lles pon un tratamento inmediato (infarto de miocardio claro, hemorraxia cerebral, lesión interna clara, fractura de varios ósos que van sangrando sen parar, inconsciencia...): son as “VERMELLOS” ou graves.
- 3.º) As persoas doentes que teñen unha DOR INSOPORTÁBEL ou síntomas de POSÍBEL GRAVIDADE (dor no peito con dúbidas de se é de corazón, golpe na cabeza sen desmaio, fractura que non parece sangrar, dor abdominal moderada da cal non se sabe a causa...): son as “AMARELOS” ou sen clara gravidade.
- 4.º) As que aparentemente NON REVISTEN GRAVIDADE (estase practicamente na certeza de que NON van morrer nas seguintes 24 horas, nin sequera aínda que non se puidesen atender ata o día seguinte): son as “VERDES/AZUIS”, ou “leves”.

@ profesional que ten o importante e difícil traballo de observar pacientes debe valorar 7 cousas: a cor, a suor, respiración, saturación de osíxeno, tensión arterial, ritmo cardíaco e nivel de consciencia; e debe decidir que prioridade asignar. Sobre esta persoa, o que está en dúbida é: quen debería ser? O Sergas estipula que sexan @s enfermeir@s da triaxe (algo que algunhas asociacións de enfermeir@s poñen en dúbida) e sería primordial

que este tema estivese definido, con persoal preparado para esta cuestión, para evita-las confusións na triaxe, coas consecuencias que poida ter e para a tranquilidade d@s demais profesionais e doentes de que este labor se está a facer correctamente.

Hai pacientes “de estado dubidoso”: sobre todo entre quen ten a posibilidade de estar na categoría azul, verde ou amarela.

Hai pacientes en que os síntomas “enganan”: teñen unha clínica leve e resulta que teñen algo moi serio. Ou teñen síntomas alarmantes e resulta non teren nada grave: unha dor de estómago pode esconder un infarto. Unha ansiedade pode esconder un trombo pulmonar. E se na espera a/o paciente empeora e a gravidade se nota, cambiaráselle a prioridade á persoa. Pero non é cuestión de facer máis probas/preguntas. Para facer máis probas ou preguntas, pasarán ó habitáculo de exploracións, onde médic@s e enfermeir@s profundarán máis na posíbel patoloxía ou desenmascararán as enfermidades “mentireiras”. A cuestión é que xamais perda a súa prioridade un/ha doente cunha urxencia ou emerxencia vital clara.

Como tod@s sabemos, os recortes implantados polo PP nos últimos anos fan que os servizos sanitarios estean con menos persoal do que deberían. Esta masificación das consultas deriva en que @s doent@s pidan cita para @ seu médic@ de cabeceira, ou enfermeir@, e que lles dean para varios días despois do solicitado. En consecuencia, @s pacientes van ós servizos de urxencias, sexa nos PAC, nos centros de saúde ou directamente ás Urxencias do hospital. Estes servizos están colapsados. É “a pescada que morde a cola...”. Se tivésemo-lo persoal axeitado en cada estamento, non habería esas listas de agarda tan insoportábeis. Actualmente, no Consello Técnico de Atención da Primaria, nas 15 comisións sectoriais que levan traballando 6 meses con 206 persoas, temos elaborado un documento que será o novo modelo da atención primaria da Galiza. Nel temos en conta todo o exposto neste artigo. O día 4 de decembro de 2019 é o día de presentalo e esperamos que a Administración do PP teña en conta as solucións que propoñemos.

A saúde da poboación, que é o ben máis prezado que temos, debémola defender entre TOD@S. Vainos moito niso.



Añón, secretario dun lord inglés (II)

Ramón Blanco

Xa llelo advertimos no anterior artigo: Boris Johnson non é o pailán que declinan as súas pintas. Aí o teñen, vencedor cunha ampla maioría absoluta nos últimos comicios, humillando ao vencido (talvez menos intelixente, pero máis honesto) Jeremy Corbyn. Johnson está xa máis cerca do que quería, aínda que teña que lidar co convulso contexto político. *Convulsión* é un substantivo para o que parece que foi feito o adxectivo *política*. É así hoxe e foino na época de Añón, como viamos ao falarmos da vida paralela de Manuel Pardo de Andrade, actor e vítima da convulsa política ibérica decimonónica, da que imos tratar algún episodio que nos axude a contextualizar a vindeira entrega, coa que xa deberíamos dar termo a esta nova serie.

Para írmonos situando, lembremos que a monarquía absoluta foi restaurada en España nos anos 1814 e 1823. Que as revolucións trouxeron períodos liberais en 1820 (A Coruña, onde fracasara o pronunciamento de Porlier en 1815, secunda rapidamente o de Riego en 1820) e en 1835-1837. Que a primeira guerra civil do XIX xa foi a de 1833-1840.

O liberalismo, de orixe ilustrada, é o sistema que propón a burguesía fronte a monarquía absoluta e a revolución popular e foi, por iso, a proposta dos intelectuais formados na Ilustración. En 1840, rematada a guerra carlista, pasa a primeiro plano a división do liberalismo entre moderados e progresistas. En Santiago de Compostela a mocidade univesitaria, integradora en boa parte da Academia Literaria de Santiago (relacionada á súa vez co provincialismo, primeira expresión do galeguismo), apoia a xunta progresista (Junta de Santiago) emanada do pronunciamento de 1840. O fracaso dun novo pronunciamento progresista en 1843 dará lugar ao ascenso dos moderados, donos exclusivos do poder en 1844-1845. A lectora interesada poderá confrontar ou ampliar estes datos no excelente libro do profesor Xusto Beramendi *De provincia a nación: Historia do galeguismo político* (Xerais, 2007). Nós simplificaremos dicindo que a resistencia progresista culminará co levantamento provincialista de 1846.

O campo fora preparado pola incipiente prensa: o máis importante voceiro do provincialismo foi o semanario *El Porvenir. Revista de la Juventud Gallega* (Santiago de Compostela, 3-II / 28-VIII-1845), dirixido por Antolín Faraldo, e do que tamén eran redactores José Rúa Figueroa e Antonio Romero Ortiz. A súa filiación progresista, con abundantes diatribas anticarlistas e antiabsolutistas, farao obxecto habitual de censura xa antes de que o gobernador nomeado por Narváez ("El espadón de Loja") decreta a súa clausura. O espírito deste periódico revive ao chegar o abril seguinte, no levantamento provincialista, cuxa noticia seica chegaría aos progresistas emigrados en París e Londres, quen mandarían armamento nun barco de vapor. Dos sucesos posteriores, con triste fin para esta causa, xa temos escrito en varias ocasións. Só queremos lembrar agora que, coma en todas as guerras, aqueles que non foron mortos, ben na batalla ben nas execucións represivas, ou encarcerados, tiveron que padecer o exilio. Deste xeito, moitos embarcaron en Vigo con rumbo a Portugal, cal foi o caso do susodito A. Romero Ortiz (en Peniche saberá do fusilamento dos compañeiros).


No país veciño a situación era similar á española. Entre 1834 e 1850 sucedéronse alá as revolucións e contrarrevolucións. O correlativo bélico ás guerras carlistas foron os enfrontamentos entre os miguelistas e a raíña (tamén muller) María da Glória. O réxime liberal constrúese no contexto do conflito cos absolutistas. Vese claramente a dificultade de

erguer unha economía liberal sobre a estrutura colonialista (e nisto Brasil ten similitudes coas colonias españolas na América).

No mellor dos casos quedaba a opción do acoso policial, como lle sucedeu a Juana de Vega, viúva do progresista Francisco Espoz y Mina, desterrado en Inglaterra. A condesa de Espoz y Mina (quen en 1840 fora ama ao coidado de Isabel II cando esta era menor de idade), viuse acusada de conspiración e foi estreitamente vixiada pola policía, xa nos anos 1845 e 1856, co obxectivo, fallido, de interceptarlle a correspondencia; os seus salóns foran frecuentados por varios dos Mártires de Carral, provincialistas.

Relata Tettamancy que Vicente de la Fuente, autor de *Historia de las Sociedades Secretas*, atribúe o alzamento de 1846 á masonería ibérica, en concreto loxias de Porto e Vigo. Ben podería ser. As tertulias nas academias e nos cafés foron parellas á xuntanza masónica, integrada por librepensadores cuxa persecución aumentará o seu secretismo. **Unha das máis antigas loxias masónicas de España, Los Amigos del Orden (1814), dependente do Gran Oriente de Francia, tivera a súa sede na Coruña, durante o reinado de Fernando VII. Evidentemente, era clandestina. O monarca, tan antimasón como será Franco un século despois, promulgará unha Real Cédula (26-9-1825) pola que "los francmasones, comuneros y demás sectarios" serán considerados inimigos do Trono e do Altar, suxeitos á pena de morte e á confiscación dos bens. Cando este rei morra, tras unha amnistía que inclúe os masóns, volveron ser perseguidos, non tan duramente, na rexencia de María Cristina (1833-1840), na do xeneral Espartero (1840-1843) e mesmo na de Isabel II, cando esta sexa maior de idade.**

Na persecución dos masóns, os gobernantes tiveron no clero un eficaz aliado, xa desde que o papa Clemente XII os condenase pontificamente (*In eminenti*, 1738). Os curas denunciaban actos masónicos por onde fose, como retratou Pérez Galdós nas novelas dos *Episodios Nacionales*. Neste 2020 que conmemoramos o cen cabodano de don Benito, "el Garbancero", seguiremos a falar de masóns para írmonos achegando, polo menos en intención, ao lord que Añón serviría como secretario.



Cámara dos lords no século XIX (1809), por Augustus Pugin e Thomas Rowlandson para o *Microcosm of London*, de Ackermann (1808-11). Wikipedia.